


CGAC

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

MEMORIA 2022



ÍNDICE

EXPOSICIÓNS 2022.....	9
ACTIVIDADES 2022.....	19
AUTORIZACIÓNS DE USO TEMPORAL DOS ESPAZOS DO CGAC EN 2022.....	37
PUBLICACIÓNS 2022.....	41
BIBLIOTECA.....	43
COLECCIÓN.....	45
INFORME SOBRE O NÚMERO DE VISITANTES E USUARIOS NO 2022.....	75
ORZAMENTOS.....	77

O Centro Galego de Arte Contemporánea é un espazo de difusión cultural cuxa principal misión consiste en dinamizar o panorama artístico actual e reflexionar sobre a diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea.

EXPOSICIÓNS

Desde os seus inicios, o CGAC amosou as liñas directrices da arte das últimas décadas mediante exposicións temporais dedicadas a difundir entre o público galego a obra de artistas de recoñecido prestixio internacional. Outra das liñas de traballo do Departamento de Exposicións, centrada na investigación sobre a evolución histórica do contexto artístico en Galicia, concrétese nunha serie de exposicións de revisión de autores e momentos claves, pero sen esquecer a aposta polos talentos emerxentes, que lle corresponde ao museo como difusor e catalizador dos debates artísticos máis vixentes. Por último, o centro dedica os seus esforzos á divulgación e posta en valor da Colección CGAC a través de presentacións temáticas e parciais dos seus fondos, que reflicten a diversidade de debates e tendencias representativas da arte actual.

COLECCIÓN

O centro conta, desde 1995, cunha colección permanente que non deixou de se enriquecer con incorporacións de obras procedentes do contexto galego e internacional, con especial atención aos artistas españois, portugueses e latinoamericanos. Os seus fondos fóronse incrementando grazas a unha política de adquisicións coherente, baseada en criterios de calidade e diversidade. Na actualidade conta con 1.443 pezas adquiridas con cargo aos orzamentos anuais da institución ou ben mediante doazóns de coleccionistas particulares, institucións ou artistas. O centro alberga, ademais, fondos pertencentes á colección da Xunta de Galicia e á Colección Carlos Areán. O crecente número de préstamos solicitados por outras institucións é, sen

dúbida, o mellor indicador da relevancia e prestixio conseguidos pola política de adquisicións e depósitos desenvolvida até hoxe polos sucesivos equipos directivos do centro.

ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

O Departamento de Actividades e Educación do CGAC desenvolve o seu programa cunha finalidade primordial: achegar a arte á sociedade a través da análise rigorosa de cuestións cruciais inherentes á actividade artística contemporánea.

Por iso, ademais dun espazo expositivo, o CGAC é un centro dinámico e multidisciplinar no que se celebran ciclos de conferencias, obradoiros impartidos por artistas e incursións no campo da música, as artes escénicas, a arquitectura, a moda e o cinema, que permiten a participación activa do público e favorecen o intercambio de ideas entre profesionais de distintos ámbitos. Ao mesmo tempo, o centro desenvolve programas específicos para familias, centros educativos, determinados grupos profesionais ou colectivos con necesidades especiais e mantén un servizo de visitas guiadas, co propósito de dotar os distintos públicos que se achegan ao museo das ferramentas necesarias para entender a arte actual e, por extensión, o mundo no que vivimos.

PUBLICACIÓNS

As publicacións son outro dos piares do proxecto cultural dun centro que, desde o inicio, prestou sempre especial atención ás posibilidades creativas da edición. O Departamento de Publicacións do CGAC encárgase da elaboración e supervisión do material gráfico e os documentos de difusión das exposicións e actividades do museo. Baseándose nun modelo no que priman o diálogo e a colaboración cos diferentes axentes do mundo da arte, desenvolve unha intensa actividade editorial que se reflicte nos seus catálogos de exposicións, monografías e libros de artista, así como nunha liña paralela de publicacións que recompilan outros documentos e materiais incorporados ao seu


fondo editorial a partir dos encontros e sinerxías xerados pola actividade do centro. O catálogo do CGAC, que hoxe en día supera xa os 300 títulos, contribúe a documentar e divulgar as liñas de traballo desenvolvidas polos diferentes departamentos do centro, a afondar no estudo da arte contemporánea e a difundir nos circuítos internacionais da arte o traballo de artistas, críticos e comisarios.

BIBLIOTECA

Entre outros servizos, o CGAC conta cunha biblioteca especializada en arte e cultura contemporánea, dirixida a persoas investigadoras, estudantes e ao público en xeral. Entre as súas funcións principais destaca o labor de documentación e asesoramento que presta aos distintos departamentos do centro para o desenvolvemento da súa actividade.




ORGANIGRAMA DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA



EXPOSICIÓNS 2022

PINGAS ROMPENTES. UNHA MIRADA A GALICIA. COLECCIÓN CGAC. EXPOSICIÓN ITINERANTE



Comisariado: Sara Donoso

Artistas: Carla Andrade, Berta Cáccamo, Eva Díez, Christian García Bello, Xurxo Gómez Chao, Vítor Mejuto, Álvaro Negro, Carme Nogueira, Pamen Pereira, Andrés Pinal

1 outubro 2021 - 9 xaneiro 2022

Exposición organizada polo CGAC no Museo do Mar de Galicia, Vigo.

Pingas rompentes formou parte do proxecto *Unha mirada a Galicia*, que se asomou á creación galega contemporánea a través da Colección CGAC. Nesta ocasión, propuxemos unha selección específica de obras para o contexto do Museo do Mar de Galicia. Un relato conxunto que visibilizou o interese pola auga, os seus tránsitos e derivacións, que en cada caso se asumen desde o político, o estético ou o social. Como esas pingas que irrompen nas rochas facendo resoar os seus ecos, asomámonos a un conxunto de pezas que asimilan desde un discurso propio a lóxica dos fluídos, que exploran os reflexos e a flutuante incidencia da luz, vencellan a súa memoria íntima ao latexar dun territorio ou revisan a historia para achegarnos a novas narrativas. Instándonos a investigar todo aquilo que subxace á atracción atlántica, esta mostra buscou operar no imaxinario das artistas como unha esfera armilar a través da cal é posible localizar a nosa paisaxe máis plural.

CAMIÑOS II



Comisariado: Santiago Olmo, Alberto Carton

Artistas: Marina Abramovic y Ulay, Jorge Barbi, Alberto Carneiro, Fernando Casás, Carma Casulá, Regina José Galindo, Irene Grau, Ignacio Pérez-Jofre, Andrés Pinal, Jaume Pinya, José Luis Seara, Javier Vallhonrat

8 outubro 2021 - 23 xaneiro 2022

Primeira planta

Camiños é un proxecto que aborda o feito de camiñar, andar, pasear e a vivencia do camiño, do vagar, do itinerario e da peregrinación como fenómenos e experiencias artísticas.


Camiñar é unha acción que pode encerrar propósitos, intencións e simbolismos moi diversos, desde a resistencia política á opresión e ás inxustizas ata iniciativas verdes de mobilidade ou motivacións de orde persoal. Na polisemia reside a súa forza.

Este proxecto expositivo pretende, por unha banda, recoller e mostrar o legado que a Colección CGAC foi construíndo sobre o tema da cidade, o Camiño de Santiago e a idea de camiñar e, por outra, seleccionar obras, artistas e proxectos especialmente significativos que centraron o seu foco na experiencia (emocional, ecolóxica, política ou paisaxística) do camiñar. Todos eles foron marcando nas últimas décadas a nosa sensibilidade cara ao camiñar e tamén cara aos seus significados. Con todo, a mostra

careceu de vontade enciclopédica ou histórica; ao contrario, a súa intención foi fomentar no visitante unha experiencia visual baseada na diversidade e a pluralidade.

Con este fin, *Camiños II* puxo en diálogo unha serie de artistas e proxectos que historicamente marcaron as formas de visualizar o camiñar e a evolución da idea de camiño.

FSWD. IDENTIDADE E TERRITORIO



Comisariado: Uqui Permui (DAG), Ángel Martínez (ADCV), Gloria Escribano (DIMAD), Juan Lázaro (Cuenca Diseño)

Artistas: Varios

14 outubro 2021 - 30 xaneiro 2022

Hall, antesala do auditorio e Espazo de Proxectos

From Spain With Design (FSWD) é un proxecto de READ, Red Española de Asociaciones de Diseño, concibido de forma colaborativa como unha ferramenta para a proxección do deseño español a nivel nacional e internacional.

Neste marco, presentamos a exposición *FSWD / Identidade e territorio*, que recolleu proxectos de deseño de distintas áreas que, máis aló de responder ao lema da convocatoria, destacan pola súa calidade, pola súa proxección no mercado nacional e internacional, por ser un modelo de sinerxía entre

deseñador e empresa, por dar respostas coherentes e construír valor.

A esta idea vertebradora sumáronse distintos eixes conceptuais que contribuíron a acoutar unha selección de 135 obras de diferentes ámbitos: Identidade e territorio, Interseccións, Internacionalización, Sustentabilidade e Complicidades. A través deles achegámonos de maneira sutil aos relatos que nos ofrecen tanto obxectos como espazos ou formas de comunicar; que tiveron como obxectivo un uso, unha utilidade, un fin; e que crearon identidade desde o contexto en que naceron, co que responderon a un problema ou demanda e, sobre todo, á necesidade das persoas.

CLARA CARVAJAL. POR UNHA BIOLOXÍA DA IMAXE



Comisariado: Zara Fernández de Moya

Artistas: Clara Carvajal

22 outubro 2021 - 23 xaneiro 2022

Dobre Espazo

A exposición *Por unha bioloxía da imaxe* presentou dúas series sucesivas de Clara Carvajal: *Dioses de la frontera* e *Argucia*. Ambas as dúas inscribíense na súa primeira aproximación á bioloxía da imaxe, concepto plenamente innovador co cal a artista se interroga sobre a capacidade de transformación da imaxe que, sen deixar de ser fiel a si mesma, se actualiza en cada novo medio e, grazas a este percorrido, se engrandece e engrandécenos a mirada. Clara Carvajal

indaga, mediante este concepto, na dimensión plástica e escultórica da imaxe fotográfica.

Dioses de la frontera abriu camiño a unha viaxe expositiva e vital: Beirut, esas mil e unha cidades desde onde Clara Carvajal resignifica as imaxes da Arab Image Foundation, os arquivos do xornal *An-Nahar* e do fotógrafo Emile Boulos Divers. *Dioses de la frontera* tratou de desentrañar as formas culturais que se mostran nas poses dos personaxes das fotografías á busca dunha cosmovisión do pobo libanés. A artista abriunos así outros camiños de lectura e as súas madeiras talladas de memoria reveláronse polisémicas a partir do arquetipo social que representan.

Argucia supuxo un paso máis nesta pescuda ao incorporar a tridimensionalidade en sete caixas que funcionaban como contornos abertos. Nestas pequenas esculturas, tributo ao *Museo portátil* de Duchamp, Clara Carvajal interrógase sobre aquilo que se desvela ao contemplarmos certas imaxes.

Con ambas as series, Clara Carvajal mergullouse nunha exploración orixinal na que a arte se convertiu no medio natural para se somerxer na procura das formas sociais, das formas políticas, nun xogo de espellos onde as imaxes rexorden en distintos medios para reafirmaren a súa existencia.

HAMISH FULTON. WALKING EAST



Comisariado: Pep Benlloch

30 outubro 2021 - 20 febreiro 2022

Planta baixa e soto

Hamish Fulton (Londres, Reino Unido, 1946) é un artista cuxa obra é o resultado do encontro entre a Narte e o camiñar. Formado na Saint Martin's School of Art de Londres, Fulton leva desde 1969 realizando camiñadas por distintas paraxes do planeta. Nesta ocasión, planeou un percorrido partindo desde Fisterra en dirección a Santiago de Compostela, Pamplona e Roncesvalles ata Hendaia.


A obra de Fulton caracterízase pola combinación de imaxe e texto, xuntos na mesma obra ou de maneira independente, co obxectivo de transmitir ao espectador as sensacións que despertaron nel os elementos atopados na súa camiñada. A súa obra fotográfica non se limita á simple reprodución documental, senón que é parte integral do proxecto, tanto na súa conceptualización, como na realización e o modo de exposición. Para Hamish Fulton cada unha das camiñadas comeza cunha idea que é transformada posteriormente nunha experiencia real.

A fotografía —o acto fotográfico, para maior exactitude— intégrase totalmente nesta arte tan singular da marcha, acompañao e fecúndao ata a exposición final das tomas, que non se limitan a mostrar a paisaxe explorada deste xeito, senón que intentan traducir unha modalidade do espírito e da sensibilidade do camiñante. Do mesmo xeito busca provocar no espectador unha mirada crítica cara ao contorno e os ecosistemas ameazados por un progreso meramente economicista, que non ten en conta a preservación da natureza e as culturas asociadas a ela.

Nesta exposición mostrouse, xunto ás obras do proxecto realizado expresamente, unha selección de imaxes procedentes doutros proxectos desenvolvidos en España, unha serie de proxectos internacionais e, por primeira vez, todo o conxunto de obra seriada producido por Hamish Fulton ao longo da súa traxectoria artística. Este proxecto foi realizado

conxuntamente co MUN de Pamplona, a onde a mostra viaxoi en marzo de 2022.

NÉBOAS DE LUZ. UNHA MIRADA A GALICIA.
COLECCIÓN CGAC. EXPOSICIÓN ORGANIZADA POLO
CGAC NO CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁRCEL



Comisariado: Sara Donoso Calvo

Artistas: Pablo Barreiro, Andrea Costas, Tamara Feijoo, Amaya González Reyes, Menchu Lamas, Juan López, Loreto Martínez Troncoso, Ana Pérez Ventura, Isaac Pérez Vicente, Carlos Rodríguez-Méndez, Mauro Trastoy, Christian Villamide

5 novembro 2021 - 16 xaneiro 2022

Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense

Néboas de luz foi a segunda exposición do proxecto *Unha mirada a Galicia*, que invitou a percorrer a nosa historia da arte máis recente a través do traballo de artistas cuxas obras se foron incorporando á Colección CGAC nas dúas últimas décadas. Esta mirada, particular pero colectiva, logrou entrelazar determinadas afinidades creativas sen por iso agochar as disonancias co fin de debuxar unha cartografía, repleta de dobras, desde a que asomarse aos modos de proceder, conceptualizar ou concretar a creación contemporánea galega.

Esta escolma de pezas mostrou algúns dos enfoques narrativos, así como abordaxes plásticas, que foron construíndo parte da memoria visual da Galicia máis recente. Permitiu así un pequeno achegamento a tantas voces e sensibilidades que impulsan cos seus

relatos múltiples aproximacións críticas coas que compartir cuestións de natureza social, histórica, política, identitaria ou artística instaladas no momento presente.

Como ese grupo de estrelas que deixa un ronsel mesto, unha néboa luminiscente, nesta selección de artistas e obras tamén se produciron colisións e rozamentos que, inscritos desde os máis diversos rexistros, interactuaron entre si e compuxeron un mapa de inclinacións temáticas, sensoriais e perceptivas. Dalgún xeito, este proxecto expositivo simbolizou esa mesma complexidade e riqueza, e pódese trazar así unha analogía para falar de artistas que confirman a súa independencia pero tamén alumean xuntos, cruzando intereses e articulando un compromiso coa creación e a sociedade actuais.

SUSO FANDIÑO. WUNDERKAMMER



Comisariado: Mónica Maneiro

Artista: Suso Fandiño

11 febreiro 2022 - 17 maio 2022

Hall, Dobre Espazo, primeira planta

En 1952 André Malraux publica *Le Musée imaginaire de la sculpture mondiale*, un texto capital na historiografía da arte do século XX. Este museo imaxinario de Malraux achegábase en espírito aos procedentes do museo moderno, situándose perto dos gabinetes de curiosidades, nas que os burgueses e nobres do renacemento continuaban a tradición

medieval coleccionando todo tipo de obxectos estraños xunto a obras de arte.

Fronte ao cubo branco que Brian O'Doherty sinalaba como espazo expositivo propio da arte contemporánea, as cámaras de curiosidades eran espazos cambiantes, abigarrados, nos que os obxectos non tendían a disporse creando discursos sinalados, senón narracións cruzadas e móbiles, microhistorias que conectaban emocionalmente co espectador.

Nesta exposición, Suso Fandiño propúxonos unha serie de percorridos e enlaces pouco habituais, debuxando un espazo museístico no que as obras conectaban entre si creando relacións punzantes. Tratouse ante todo de activar no espectador a necesidade de buscar significados ocultos. Desde esta posición propúxonos un espazo de xogo e reflexión sobre a morte do autor, a futilidade do discurso hexemónico na historiografía artística, o papel do espectador na arte, o xogo político de fronteiras, o marketing ideolóxico, a baixa e a alta cultura ou a análise da linguaxe como sistema de configuración do pensamento. Todo isto o fixo utilizando a obra artística como medio desde o que reflexionar sobre o social a partir da descomposición e reorganización dos produtos da sociedade de consumo.

Suso Fandiño. Wunderkammer formou parte do programa de exposicións individuais de artistas galegos de media carreira que o CGAC vén desenvolvendo cunha periodicidade anual desde 2016.

CRUZAMENTOS NA ARTE GALEGA DA COLECCIÓN CGAC


Comisariado: Sara Donoso, Santiago Olmo

Artistas: Pablo Barreiro, Jacobo Bugarín, Salvador e Juan Cidrás, Andrea Costas, Angela de la Cruz, Eva Díez, Patricia Dopico, Amaya González Reyes, Rubén

Grilo, Juan López, Loreto Martínez Troncoso, Chelo Matesanz, Vítor Mejuto, Antonio Murado, Álvaro Negro, Carme Nogueira, Ana Pérez Ventura, Isaac Pérez Vicente, Montse Rego, Rodríguez-Méndez, Xavier Toubes, Mauro Trastoy, Damián Ucieda

4 Marzo 2022 - 3 Xullo 2022

Planta soto




CRUZAMENTOS na arte galega da Colección CGAC foi a última exposición do proxecto *Unha mirada a Galicia*, que convidaba a percorrer a nosa historia da arte máis recente a través do traballo de artistas cuxas obras se foron incorporando á Colección CGAC nas dúas últimas décadas.

CRUZAMENTOS na arte galega da Colección CGAC conxugou varias das pezas presentes nas anteriores mostras, sumando novas incorporacións coas que expandir o relato. Ademais, algunhas pezas que teñen o formato de series moi extensas, e que non puideron mostrarse na súa totalidade, así como algunha instalación, presentáronse aquí completas aproveitando a xenerosidade dos espazos do CGAC. Unha mirada, particular pero colectiva, que logrou entrelazar determinadas afinidades creativas sen por iso ocultar as disonancias co fin de debuxar unha cartografía, repleta de pregos, desde a que se asomar aos modos de proceder, conceptualizar ou concretar a creación contemporánea galega.

A selección de pezas mostrou algúns dos enfoques narrativos, así como abordaxes plásticas, que foron construíndo parte da memoria visual do noso panorama

plástico. Tratouse dunha mostra que reivindica o rico e o diverso, conectando artistas de longa traxectoria con creadores e creadoras novos ou de media carreira, artistas que crean desde Galicia e outros que o fan en diferentes puntos da xeografía. Diverxen aquí as voces, as sensibilidades e os relatos, pero coinciden en abordar, con múltiples aproximacións críticas, cuestións de natureza social, histórica, política, identitaria ou artística instaladas no momento presente.

BUEN GOBIERNO. SANDRA GAMARRA HESHIKI



Comisariado: Agustín Pérez Rubio

Artistas: Sandra Gamarra


11 marzo 2022 - 29 maio 2022

Planta baixa

O proxecto tomou o seu título do manuscrito "Primera Crónica y Buen Gobierno", redactado en español cara a 1616, no Perú, polo cronista amerindio Felipe Guamán Poma de Ayala. Este documento foi realizado para lle enviar ao entón rei de España Felipe III e o seu obxectivo era retratar a realidade andina colonial e solicitarlle á Coroa española unha reforma do goberno virreinal para salvar o pobo andino da explotación, das enfermidades e das mesturas raciais, como sinónimo da desaparición da cultura autóctona. Case catrocentos anos despois, esta mestura racial e cultural non significou a desaparición das devanditas civilizacións, senón que serviu, con dor e dificultade —case en contra unha da outra—, para a súa evolución. Desde este lugar,

Buen Gobierno construíuse como un espazo de conflito no que se sinala como a orixe das nacións latinoamericanas está intimamente ligada ao propio nacemento de España e como urxe revisar o *bo goberno* destes dous legados para construír outras formas, mellores, de convivencia.

A mostra presentouse como un exercicio decolonial para a nosa mirada, a través de diversos xéneros da pintura, entendidos como mecanismos de domesticación e perpetuación da colonialidade, e funcionou xunto a colaboracións e obras doutros artistas. Estableceu un parangón entre os devanditos mecanismos e as ferramentas occidentais que utilizamos a través da museoloxía para obxectivar, clasificar, encapsular e invisibilizar outros saberes e coñecementos do mundo provenientes de Abya Yala —coñecida tras a conquista como América Latina—, como a cultura andina. Tamén incidiu en como os procesos de independencia, progreso e modernización, a través das vangardas artísticas, serviron en moitos casos para perpetuar os privilexios tanto da *nai patria* coma daqueles que tiveron que crear unha relación entre a cor de pel e a ordenación sociopolítica do territorio.



NARELLE JUBELIN. NALGURES

Comisariado: Natalia Poncela

Artista: Narelle Jubelin

3 xuño 2022 - 16 outubro 2022

Hall e primeira planta


Nalgures situounos na indeterminación, no interior dunhas xeografía fragmentarias: lugares, vestixios,

modos de ocupación. Narelle Jubelin (Sidney, 1960) detívose nas memorias duns espazos, duns referentes obxectuais e literarios concretos dentro do contexto galego que vinculou con outras cartografías e con referencias á súa propia biografía e á súa traxectoria artística. Isto ocorre, por exemplo, nunha intervención caligráfica onde Jubelin interpreta *A desvértebra*, un texto da poeta Ana Romaní (Noia, A Coruña, 1962). Ademais, con ocasión deste proxecto, Jubelin incorporou por primeira vez á súa semántica outras creacións artísticas contemporáneas, como o caso das fotografías que Anna Turbau (Barcelona, 1949) realizou en Galicia a mediados dos anos setenta e que sinalan elementos aos que a artista australiana acode décadas despois. *Nalgures* profundou na memoria da paisaxe e das construcións humanas habitacionais, pero tamén nos modos de ocupación espacial e na redefinición formal das distintas producións culturais. Ás novas obras, realizadas especificamente para esta exposición, únense elementos presentes en proxectos anteriores.

Como punto de partida, o propio CGAC, inserido nunha extremidade do parque de Bonaval onde a presenza da auga vertebraba este antigo soar conventual que, pola súa vez, está unido á intensidade da arquitectura dun cemiterio extinto. A proximidade do camiño principal de peregrinación a Compostela, o Camiño Francés, enlaza coa localización dunhas arquitecturas de auga que atraen a atención de Narelle Jubelin. Unha delas é o lavadoiro de Pinisqueira (Aguíño, Ribeira, A Coruña), situado xunto ao mar nun lugar próximo ao camiño A Orixé, a última das rutas de peregrinación articuladas ao redor da *traslatio* do corpo do apóstolo desde Xerusalén. Precisamente nesta cidade, durante a segunda intifada en 2002, Jubelin expuxo *Shumakom*, un proxecto no que profundaba sobre o conflito e a ocupación. De aí xorde a referencia presente en

Nalgures á franxa de Gaza; en concreto, á organización espacial dun dos campamentos de refuxiados, antes e despois do bombardeo que tivo lugar un 25 de xullo, no contexto da ofensiva israelí do verán de 2014.

O MUSEO COMO ESCENARIO



Comisariado: Cooperativa Performa (David Barro, Mónica Maneiro, Iñaki Martínez Antelo)

Artistas: Rosana Antolí, Berio Molina, Marta Pazos

10 xuño 2022 - 2 outubro 2022

Planta baixa, Dobre Espazo

O museo como escenario reivindicou o papel das arquitecturas de exhibición artística como lugares para a experimentación e nos que poder situarse entre a proximidade da *performance*, a capacidade inmersiva das propostas escénicas, as instalacións, o *happening* e a sonoridade de vangarda.

En *Dislocación* Berio Molina (A Fonsagrada, Lugo, 1979) propuxo un exercicio de toma *de posesión* do museo. Durante nove días habitou as salas do CGAC xunto a Calís Pato e Alejandra Pombo para activar as bucinas instaladas na terraza do centro, chamando co seu son a atención dos habitantes da cidade. Que é ese son? Que significa? De onde vén? Onde me sitúa? Dentro, a voz dos artistas rebotaba contra as paredes, buscando algún tipo de resonancia.

Rosana Antolí (Alcoi, Alacante, 1981) presentou *La charca* (A charca), unha exposición performática experimental que funciona como espazo coreográfico híbrido que integra a audiencia como suxeito activo

xunto con corpos físicos e dixitais nun continuo bucle. En *La charca*, o público, os bailaríns, os *performers*, as esculturas escenográficas e as pantallas son elementos dun mesmo sistema acuoso futurista que revisa o ficcional con obxectos e corpos nun continuo contexto relacional aberto.

Marta Pazos (Pontevedra, 1976) en *Contemplación* levounos a un elemento primordial da creación. As baleas son os únicos animais que gardan e custodian os rexistros akáshicos e elas serán as que nolos mostren. Cos seus cantos e vibracións fían e ancoran información lumínica máis alá do plano sensorial. As baleas traballan activamente na curación dos océanos. Cos seus cantos e enerxías, purifican as memorias almacenadas na auga. As baleas azuis están a chegar ás nosas costas nos últimos anos. Crese que guiadas pola súa memoria.

RANIERO FERNÁNDEZ. O ARQUIVO



Comisariado: Manuel Sendón, Xosé Luís Suárez Canal
14 xullo 2022 - 12 febreiro 2023

Soto

Raniero Fernández (Vigo, 1909 - 1999) realiza, durante as décadas cincuenta e sesenta do século pasado, unha interesante obra fotográfica que, co paso do tempo, adquiriu gran relevancia.


A súa actividade como fotógrafo está estreitamente vinculada coa que desenvolveu como presidente da

Agrupación Fotográfica Gallega durante o período no que esta tivo a maior actividade, actuando como dinamizador dos concursos, publicacións... Cómpre ter presente que toda a actividade fotográfica non profesional durante os anos cincuenta e sesenta se realizou no seo destas agrupacións e esta era a máis activa das galegas. A Agrupación Fotográfica Gallega potenciou o debate entre as novas propostas fotográficas, representadas por Ricard Terré, e a fotografía que se estaba a facer nas agrupacións. Pero, como posteriormente diría Terré, en Galiza houbo fotógrafos que realizaron unha fotografía diferente á doutras agrupacións, menos pomposa e menos académica.

As súas imaxes están lonxe da estética do pictorialismo tardío que caracteriza a fotografía afeccionada dese momento. Moitas delas lémbrennos a Cartier-Bresson e a Doisneau; dun xeito moi particular a extensa serie que realizou no porto de Vigo. Por outra banda, cabe resaltar os proxectos consistentes en fotografar de xeito sistemático os hórreos e os cruceiros a través da xeografía galega, nos que, segundo dicía, perseguía replicar en fotografía o que Castelao fixera debuxando. Esa mesma procura arquivística empregouna tamén ao abordar a ourivería relixiosa, xerando series moi afastadas da estética concursística que hoxe, á luz da fotografía contemporánea, adquiren un importante interese e nos traen á mente a obra de artistas coetáneos.

Todo isto explica a pertinencia de revisar a obra de Raniero desde unha óptica actual pero contextualizándoa na súa época, para o que se incluíron na exposición obras doutros fotógrafos como Ferrol, Losada, Rueda, Schmidt de las Heras, Terré, Veiga Roel e Zamora.

CLAUDIO ZULIAN. VIDAS



Comisariado: Santiago Olmo.

Artistas: Claudio Zulian

28 outubro 2022 - 19 febreiro 2023

Planta baixa, Dobre Espazo

No conxunto do traballo de Claudio Zulian (Campodarsego, Padua, Italia, 1960), director de cinema, videoartista, músico e escritor, distínguese unha produción propiamente cinematográfica destinada ao circuíto de cinemas, plataformas e festivais, e outra, máis especificamente artística, formada por vídeos e videoinstalacións que son resultado de proxectos de investigación e diálogo con realidades sociais. A exposición desenvólvese como unha retrospectiva de proxectos e videoinstalacións de temática social que utilizan como ferramentas visuais e estilísticas o plano secuencia, o plano fixo e a voz en off.

O percorrido por diversas pezas realizadas ao longo dos últimos vinte anos, conduce a unha videoinstalación (*Vidas*), situada no Dobre Espazo do CGAC e creada expresamente para a exposición que lle dá nome á mostra. Esta peza, inspirada no barrio de Vite, na cidade de Santiago, non pretende ofrecer unha visión totalizadora e documental, tampouco reflectir a historia social ou explicar a realidade do contexto. Ao contrario, trátase dunha interpretación poética, visual e simbólica aberta, onde as voces e os relatos crean un fresco de historias de vida.

Claudio Zulian desenvolveu gran parte do seu traballo artístico explorando as posibilidades e o significado da autorrepresentación de colectivos e comunidades, e desenvolvendo o potencial simbólico que conteñen as imaxes. Para iso, mergúllase en cada un dos contextos que trata, establece diálogos cruzados cos participantes, crea grupos de traballo e de discusión cuxos resultados e experiencias contribúen, en parte, á construción do resultado final.

Un dos propósitos destes traballos é convidar o visitante a situarse no lugar do outro, para comprender desde puntos de vista difíciles, complexos e mesmo incómodos. Evita a linearidade explicativa do estilo documental e acentúa unha vontade poética, facendo que o relato e os testemuños das persoas que os habitan dean conta directamente, a partir das súas experiencias e sentimentos, da especificidade dun barrio, dunha cidade ou dun territorio.

CAMIÑOS III



Comisariado: Alberto Carton, Santiago Olmo

Artistas: Vito Acconci, Janine Antoni, Miguel Ángel Blanco, Mar Caldas, Benvenuto Chavajay, Mona Hatoum, Kubra Khademi, Manolo Laguillo, Juan Lesta, Priscilla Monge, Jürgen Partenheimer, Damián Ucieda, Oriol Vilanova

11 novembro 2022 - 21 maio 2023

Primeira planta

Camiños III continúa o traxecto que se iniciou con *Camiños I* e no que se avanzou con *Camiños II*. O camiñar como acto persoal de activismo sociopolítico; como responsabilidade colectiva ante as crises medioambientais, pola súa correspondencia co inmediato, o observable e o perceptible. O camiñar como pegada cultural que condiciona a mirada e xera paisaxe e consecución da sensibilidade. O camiñar como fenómeno histórico que transcende as secuencias do tempo en constante contemporaneidade. O camiñar como exercicio de intermediación relixiosa e o seu destino. O camiñar como indumentaria de traballo.

Desde esas sendas, *Camiños III* entrecruza artistas e obras de xeracións, preocupacións e intereses diferentes, fundamentais para iniciarse nas diversas posicións que os situaron ante a acción creativa. Estes artistas atopan no tránsito, nos esforzos físicos dos percorridos, nos encontros relacionais, aleatorios ou provocados entre persoas, nas dinámicas complexas do territorio, nas xeografías físicas e psicolóxicas e nas circunstancias variables que todo iso supón os apoios para unha implicación entre os seus tempos e as súas derivas.

Camiños III mostra accións performativas rexistradas en vídeo, cadernos de campo e mapas, importantes fontes de información sobre o detemento concreto dos artistas no seu momento de determinación. Mostra instalacións específicas que se enmarcan nas paisaxes-encadramento de referencia e nas súas sonoridades. Expón estudos de implicación sobre os sistemas de zonificación específica (zonas urbanas, periurbanas e rurais) que os reconstruíron e condicionaron e que, polo tanto, crearon unha nova *xeografía de uso*. Tamén obras profundamente críticas sobre as imposicións políticas, as regulamentacións imperativas, as fronteiras e a loita pola supervivencia. E as reflexións íntimas que se miden no *camiñar de contemplación*, xeradoras dunha

parte importante da historia humana evolucionada que se sementa desde eses posicionamentos artísticos.

ACTIVIDADES 2022

VISITAS GUIADAS SEN CITA PREVIA

VISITAS GUIADAS Á ARQUITECTURA E Á HISTORIA DO CGAC

Durante todo o ano

O primeiro sábado de cada mes organizamos unha visita arredor da arquitectura e a historia do CGAC. Durante o transcurso destas visitas falouse do deseño de Álvaro Siza Vieira e da súa estreita relación formal e conceptual co parque de Bonaval e coa cidade que o acolle. Percorremos desde o pórtico exterior ata a cuberta do edificio na que está instalada de xeito permanente a obra Triangular Pavilion do artista Dan Graham.

Participantes: 55

VISITAS GUIADAS ÁS EXPOSICIÓNS OS DOMINGOS

Durante todo o ano

Todos os domingos (excepto os que, por requirimentos de montaxe, non houbo exposicións), o público puido achegarse ao CGAC para gozar das mostras expositivas acompañado por mediadoras especializadas en arte. Este servizo tivo como finalidade estimular o interese pola creación artística contemporánea e facilitar a comunicación entre o espectador, as obras de arte e o centro.

Participantes: 316

VISITAS GUIADAS CON CITA PREVIA

VISITAS GUIADAS ÁS EXPOSICIÓNS

De setembro a xuño de 2022

O CGAC continuou ofrecendo visitas guiadas gratuítas ás súas exposicións temporais de martes a venres de 11:00 a 13:00 horas. Este servizo ten como finalidade estimular o interese pola creación artística

contemporánea e facilitar a comunicación entre o espectador e as obras de arte.

Calquera colectivo que o desexou, dun mínimo de 5 e dun máximo de 25 persoas, puido solicitar unha visita guiada. No caso dos grupos escolares dos ciclos de educación infantil e de primaria programáronse, ademais, talleres didácticos específicos para complementar a visita ás mostras artísticas.

Participantes: 3.095

SESIÓNS DIDÁCTICAS EN LIÑA PARA EDUCACIÓN PRIMARIA. DESCUBRINDO A ARTE CONTEMPORÁNEA

De setembro a xuño de 2022

Nestas sesións didácticas realizamos unha presentación con imaxes de diferentes obras de arte contemporáneas deténdonos na diversidade de soportes, materias, discursos, miradas e posibilidades expresivas e experimentais da arte actual. Combinamos a mostra de imaxes con dinámicas creativas dirixidas ao alumnado.

O obxectivo desta actividade é achegar a arte aos centros educativos e estimular o interese das novas xeracións na creación artística do seu tempo.

VISITAS DIDÁCTICAS EN LIÑA PARA ESO E BACHARELATO. UN ACHEGAMENTO Á ARTE CONTEMPORÁNEA: O CGAC E A SÚA COLECCIÓN

De setembro a xuño de 2022

Durante as sesións realizamos unha presentación con imaxes dos diferentes espazos, montaxes e exposicións históricas do CGAC exemplificando a través dos múltiples soportes, miradas e discursos das obras da Colección CGAC os diversos xeitos de facer da arte actual.

Participantes: 761

MIES É + TALLERES EXPERIMENTAIS DE ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA 2022



Dirección: Fermín Blanco

Do 29 de xaneiro ao 29 de maio de 2022

Neste ano presentamos a sétima edición deste ciclo de talleres dedicado á arquitectura contemporánea para o público infantil.

Os talleres, que tiveron lugar a última fin de semana de cada mes, desenvolvéronse baixo a dirección do arquitecto e educador Fermín Blanco co apoio do equipo didáctico do Sistema Lupo. O seu obxectivo é proporcionarlles aos nenos e nenas as ferramentas e as claves necesarias para interpretar a arquitectura do noso tempo a través das teorías, os proxectos e os traballos dos arquitectos e arquitectas máis importantes dos últimos tempos.

O Sistema Lupo aposta por unha didáctica activa, experimental, mestura de teoría e práctica onde o xogo é o verdadeiro aglutinante dunha dinámica creativa de carácter cooperativo.

Os temas foron tratados transversalmente empregando a arquitectura como fío condutor. Valémonos da figura de diversos autores para introducirmos en mundos creativos a través do seu pensamento.

O proxecto educativo baseouse tanto na xeración de didácticas como no deseño de recursos a partir de todo tipo de materiais (madeiras, membranas, escumas, arxilas, combinados sintéticos, etc.) e

exploracións no mundo inmaterial que permitiron múltiples posibilidades combinatorias, formas, proporcións, xogos de equilibrio e estratexias de acción. A dinámica proposta fomenta a reflexión e a creatividade individual, así como o traballo en equipo a través do xogo e a construción a grande escala.

Nesta edición profundamos novamente no pensamento dos grandes pioneiros co habitual acento nas nosas pioneiras. Proxectamos, en clave metabolista, as nosas propias torres cápsula ao modo nipón, internámonos no mundo das medidas desde o antropométrico ao normativo da man da familia Neufert, achegámonos á bioconstrucción en clave contemporánea a través do traballo de Lacaton e Vassal e reflexionamos sobre a utopía da cidade e o territorio a partir da obra e pensamento de César Manrique, en clave paisaxística, e Jane Drew, cunha perspectiva urbana.

Participantes: 131

TALLERES PARA FAMILIAS. UNHA VIAXE ATA PERÚ



Dirección: Gema Baños, Sara Donoso

Do 2 de abril ao 22 de maio de 2022

Volvemos cunha nova edición dos talleres para familias no CGAC continuando o percorrido polo mundo a través da arte e das culturas de distintos países. Esta vez viaxamos ata Perú, onde descubrimos dous artistas moi diferentes: Sandra Gamarra e Aldo Chaparro. Exploramos os seus traballos para inspirarnos e entender a súa historia, xogar coas

cores e cos volumes e descubrir que moitas veces as cousas non son o que parecen ¡e que temos o poder de mudalas!

Participantes: 134

TALLERES DE LECER



Dirección: Helena Salgueiro

Do 5 ao 22 de xullo de 2022

Este verán, os *Talleres de lecer* foron un observatorio do corpo para os nenos e as nenas.

Exploramos unha exposición do CGAC por cada franxa de idade, ao longo de catro días cada unha, da man da creadora escénica e escritora Helena Salgueiro. Centrámolos no corpo e en como este, mediante a arte e a linguaxe, nos axuda a observar e a descubrir cousas acerca de nós mesmos e tamén acerca dos demais.

Estes talleres ofrecéronlles aos nenos e ás nenas unha oportunidade única de establecer un contacto directo con profesionais de diferentes ámbitos da cultura e da arte, coñecer algunhas das claves da arte contemporánea, adquirir ferramentas para a creación e gozar experimentando.

Para desenvolver as actividades, aproveitamos diferentes espazos da arquitectura de Álvaro Siza e da contorna do CGAC, como as salas de exposición, a cuberta do edificio e os xardíns do parque de Bonaval.

Participantes: 34

NALGURES. UN ESTUDIO PORTÁTIL. TALLER DE ARTISTA IMPARTIDO POR NARELLE JUBELIN



Dirección: Narelle Jubelin

Do 12 ao 14 de xullo de 2022

Durante os seus procesos de traballo, Narelle Jubelin vai definindo a súas obras a partir da pescuda e da análise dos contextos que encadran os seus proxectos, trátase de referentes obxectuais ou literarios concretos dentro do contexto galego que vincula con outras cartografías e referencias propias. No caso concreto de *Nalgures*, agroma o patrimonio arquitectónico —espazos habitacionais, comunitarios, sociais e laborais, incluídos lavadoiros e cemiterios— e referencias literarias e culturais, ou o uso do texto como imaxe e á procura de espazos críticos para poder tecer novos proxectos colaborativos.

Narelle Jubelin propuxo a realización dun traballo colaborativo no que revisitar espazos concretos, como o cemiterio de Bonaval e os lavadoiros de Picaños e do Sarela. A proposta comezou desde o propio CGAC, situado xunto á entrada do Camiño Francés, a principal ruta de peregrinación á cidade de Santiago de Compostela, marcada por itinerarios e percorridos que avanza unindo vieiros e trazados. Reflexionamos sobre a construción das actuais vías de comunicación e as súas consecuencias paisaxísticas, sociais, culturais e económicas, sobre a memoria da paisaxe e dos modos de ocupación espacial e sobre a redefinición formal das distintas producións culturais.

Participantes: 10

NO ESPAZO E NA VOZ LEMOS O TEMPO. TALLER DE ARTISTA IMPARTIDO POR CLAUDIO ZULIAN



Dirección: Claudio Zulian

Do 15 ao 18 de novembro de 2022

Unha cidade é un organismo complexo. Persoas con culturas moi diferentes, espazos habitacionais ou públicos que cambiaron en varias épocas de uso, loitas políticas ou sociais que reflicten as súas tensións no urbanismo e na arquitectura, a historia natural do lugar, a historia do mundo e as influencias globais; todo iso dálle forma á cidade e á vida que a habita. Achegarse a ela significa, antes que nada, o abandono de todo prexuízo. Un exercicio máis difícil do que parece porque incluso os nosos ollos están cheos deles: algúns detalles dos edificios non os vemos porque non nos parecen significantes.

Por todo iso, unha cidade é un enorme dispositivo de producir cultura e, neste sentido, ningún achegamento a ela é neutro, senón que pasa a formar parte inmediatamente da propia vida da cidade.

Para lles dar un sentido concreto a todas estas cuestións, neste taller centrámonos no compostelán barrio de San Pedro, adxacente ao CGAC.

Durante catro días, a partir das experiencias do artista Claudio Zulian en diferentes cidades e en consonancia co perfil dos participantes, levamos a cabo algúns exercicios de lectura e escoita do barrio, e exploramos posibles camiños de concreta

produción cultural, tanto artística como académica ou sociopolítica.

Participantes: 19

TALLER CAMIÑA. CULTURAL 2022



Impartiu: Natalia Santamaría

26 de novembro de 2022

O CGAC participou na Feira Cultural presentando este taller no que nos internamos na arte contemporánea tendo como referencia as obras de dúas artistas presentes na exposición *Camións III* que alberga o CGAC.

Nas fotografías de Montserrat Soto, as ruínas arquitectónicas son devoradas pola maleza, nun intento da natureza por recuperar o seu espazo roubado.

Nós, partimos da imaxe de paisaxes arrasadas polo lume, a deforestación, o lixo, a desertización ou a urbanización para recrear o seu pasado e adiviñar o seu o futuro.

Falamos do cambio climático, da intervención humana no territorio e da sustentabilidade. Traballamos en diferentes capas e conectamos, a través dun túnel do tempo, cos diversos momentos que viviron eses lugares agora degradados. Usamos a colaxe, a pintura, a palabra e o debuxo para crear escenarios imaxinados.

Inspirándonos nas series *Facedoras*, de Mar Caldas, levamos a cabo unha revisión tanto dos oficios tradicionais como dos traballos de primeira necesidade actuais. Puxemos en valor o labor de profesionais como os oleiros, os repoñedores de supermercado, as carpinteiras, as cesteiras, os mecánicos ou os varredores. Transformamos a súa imaxe e os seus espazos de traballo recorrendo á iconografía dos contos e dos cómics.

Atribuímoslles elementos fantásticos do universo das superheroínas e dos superheroes para facilitarlles o traballo. Capas, raios X, alfombras voadoras, variñas máxicas, resortes xigantes ou máquinas do tempo que os axuden a teletransportarse, cargar peso, cortar, voar, ordenar ou mudar de tamaño para desenvolver o seu labor nas súas fabulosas guaridas.

Participantes: 20

TALLERES DE NADAL 2022



Dirección: Sara Donoso

Do 27 ao 29 de decembro de 2022

Nesta ocasión, o centro acolleu dous talleres inspirados na exposición *Camiños III*. Un levouse a cabo a final do 2022 e o outro tivo lugar a comezos do 2023, polo que será referenciado cando corresponda. Ambos talleres serviron como punto de partida para xogar cos movementos e sensacións do noso corpo, explorar conceptos como o camiñar,


experimentar con materiais da natureza e entender a importancia de coidar o medio ambiente.

Imaxinar a paisaxe

Nesta aventura, os nosos corpos puideron converterse en lugares para a exploración a través do movemento e das sensacións, debuxamos novos camiños e deixámonos sorprender polas posibilidades de traballar coa natureza. Empregamos diferentes métodos e materiais como a colaxe, facemos composicións con materiais da natureza e xogamos a construír espazos para sorprendernos co que temos máis preto, imaxinando novos mundos e construíndo as nosas paisaxes ideais. Tamén usamos o corpo para deixar as nosas pegadas.

Participantes: 20

CURSO DE ARTE, CULTURA E HISTORIA. A CONSTRUCCIÓN DA MODERNIDADE: VANGARDAS E POSVANGARDAS



Dirección: María Luisa Sobrino Manzanares

Do 12 de xaneiro ao 1 de xuño de 2022

O contido deste curso abarcou desde principios do século XX ata a Segunda Guerra Mundial, cuxo estalido constitúe a primeira gran quebra na traxectoria da cultura e da arte. Un período que xorde en distintos puntos de Europa e que supón unha das etapas máis creativas da súa historia. Trátase do que coñecemos como vangardas históricas. A traxectoria da arte coincide cunha suma de avatares políticos

tras a primeira década do século —a Gran Guerra, o triunfo da revolución soviética, máis tarde a guerra civil española e, finalmente, a Segunda Guerra Mundial— que acabarían arrasando o continente. Porén, o transcurso destes mesmos anos supón un período esperanzador para a arte. Un entusiasmo fundamentado na grande evolución da tecnoloxía e a nova ciencia. O desenvolvemento do automóbil e dos primeiros aeroplanos, o perfeccionamento da fotografía ou o fomento das artes escénicas provocarán novos e descoñecidos modos de ver o mundo.

As artes plásticas desenvólvense nunha serie de correntes ou *ismos* cos que os propios autores ou os seus principais críticos denominaron as distintas experiencias artísticas. Así, o expresionismo, fauvismo, cubismo, futurismo, dadaísmo, suprematismo, construtivismo, neoplasticismo e surrealismo supoñen as principais orientacións.

Máis que un relato histórico ou artístico, a vangarda significou unha complexa estrutura de esforzos persoais e afinidades. Un espazo temporal cheo de discontinuidades, diferenzas e quebras. Desde os seus comezos, toda a actividade destas primeiras décadas do século constitúe un ámbito de experimentación guiado tanto por un espírito combativo como polo seu intento de alcanzar a utopía.

Participantes: 100

CURSO FEMININO PLURAL: CATRO EVANXELISTAS DA MODA NA ARTE CONTEMPORÁNEA

Dirección: Blanca Paula Rodríguez Garabatos

Do 29 de marzo ao 5 de abril de 2022

O presente curso monográfico ofreceu unha reflexión acerca da transversalidade entre dúas disciplinas artísticas, a moda e a pintura, a través da obra dunha

serie de artistas ás que chamamos “evanxelistas da moda”. Falamos de catro artistas femininas que, desde a vangarda contemporánea, lle insuflaron vida nova á arte e souberon romper os canons establecidos, tanto nas súas biografías como na súa indumentaria.

As catro figuras que tratamos neste curso foron Sonia Delaunay, Tamara de Lempicka, Maruja Mallo e Frida Khalo

Participantes: 53



CURSO EN LIÑA DE HISTORIA DA ARQUITECTURA. INTRAHISTORIAS DA ARQUITECTURA IV

Dirección: Fermín Blanco

Do 19 de abril ao 21 de xuño de 2022

Cada nova edición do curso *Intrahistorias da arquitectura* pretende achegarnos á arquitectura e ás súas derivadas dun modo diferente. Sen dúbida, a pandemia mudou a nosa visión da arquitectura, o urbanismo, a contorna, o cambio climático e, en especial, a relación da humanidade coa natureza. Por este motivo a edición de 2022 estivo, máis que ningunha outra, marcada pola relación entre arquitectura e natureza. Unha visión coma sempre transversal, onde repasamos, en clave actual, a obra e o pensamento de varios referentes neste ámbito. O paisaxismo, a xestión dos recursos naturais, a bioconstrución, o deseño de xardíns, a renaturalización de espazos urbanos, a biofilia e mais

os vínculos entre arte, deseño e natureza estiveron moi presentes nas sesións deste ano. Como en anteriores edicións contamos coa presenza de invitados especializados en cada un destes eidos; expertos e expertas que nos acompañaron neste achegamento á arquitectura máis verde.

Participantes: 42

CURSO DE CINEMA. ALTERACINES. FICCIONS CONTEMPORÁNEAS DA ETRAÑEZA (2001-2021)



Dirección: José Manuel López

Do 27 setembro ao 20 de decembro de 2022

Cando o século XXI non se volveira aínda definitivamente anómalo, o cinema xa incubaba o xerme dunha indefinible estrañeza nos seus relatos alterados. Os cineastas había tempo que sentían, coma todos nós, que algo no mundo contemporáneo estaba desaxustado e que, de maneira moitas veces inadvertida, se sucedían os glitches na matriz da realidade.

Neste curso, analizamos algunhas películas que nas últimas dúas décadas trataron de capturar esa inefable estrañeza, confusión ou perplexidade ante o noso presente: alteridades e anomalías, alleamentos e desdobramentos, desexos e fantasmagorías, amnesias ou prospeccións... Manifestacións, todas elas, do insólito e do estraño que, en ocasións, penetran no territorio do fantástico ou, polo menos,

do inexplicable racionalmente, e colocan os personaxes fronte a novas e estrañas realidades.

Unha parte do cinema do século XXI nace desa brecha ontolóxica entre unha realidade aparentemente cotiá e a súa imposible representación sen un factor de inestabilidade que a enturbe. Ese é o momento taxativo que buscamos neste curso, cando a greta se abre e permite albiscar o outro lado, ese momento que o cambia todo e coloca os personaxes fronte á necesidade de aceptar e de lles dar forma a outros mundos (que sempre están neste, como dicía Paul Éluard). Porque se unha idea cobrou forza nos anos que transcorreron entre a crise financeira de 2008 e a crise sanitaria iniciada en 2020 é a necesidade de reclamar un horizonte e un porvir dos que fomos desposuídos.

Visitamos, pois, outros mundos e aceptamos definitivamente a estrañeza como a "nova normalidade".

Participantes: 90

CURSO DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA. ARTE NA AULA. OS ARTISTAS CONTEMPORÁNEOS COMO PUNTO DE PARTIDA DE PROPOSTAS DIDÁCTICAS



Dirección: Gael Zamora Lacasta

22 de outubro e 12 de novembro de 2022

Debido á gran demanda e despois dun tempo marcado pola distancia, o programa *Arte na aula* retomou a formación presencial cun curso que xa se impartiu en liña en 2021: *Os artistas contemporáneos como punto de partida de propostas didácticas*.

A arte contemporánea entrou nas aulas como eixe de aprendizaxe, pero habitualmente faino da man de artistas como Picasso, Miró, Van Gogh ou Kandinsky. Figuras importantes, sen dúbida, pero tamén afastadas xa do noso tempo e que non reflicten algunhas cuestións transversais, hoxe presentes no ámbito educativo, como a conexión co cotián, a paridade ou a sustentabilidade.

Na aula, a miúdo, traballar a partir dun artista supón coñecer o personaxe e pintar *á maneira de*. Este curso propuxo dar un paso máis e asomouse ao mundo da arte como fonte de inspiración para xerar experiencias educativas ricas e globalizadas.

Este curso, que se desenvolveu de forma intensiva ao longo dunha única xornada, ofreceulle aos docentes unha oportunidade para observar, reflexionar e crear a través da plástica antes de levar as súas propostas á aula, vivenciando a experiencia e converténdoa en punto de partida para a programación.

Participantes: 42

CONFERENCIA PERFORMATIVA. OLGA MESA E NEKANE ARAMBURU. NODOS E VISIÓN. COMO IMAXINAS O FINAL?



29 de abril de 2022

Nodos e visións. Como imaxinas o final? repasou algúns puntos esenciais da obra da coreógrafa e artista visual asturiana Olga Mesa. En diálogo con Nekane Aramburu, ambas confrontaron ideas e imaxes desde a práctica creativa e a teoría da arte. Durante a sesión, compaxinouuse o intercambio de reflexións e fragmentos audiovisuais nunha sorpresiva viaxe onde se debullaron algunhas das claves para entender a produción escénica vinculada á caixa branca e ao cubo negro.

Esta posta en común de puntos de vista foise construindo coa participación activa do público. As persoas asistentes ao evento non só actuarán como espectadoras, serán tamén interlocutoras implicadas na comunicación, cómplices capaces de integrarse nesta proposta creativa e pedagóxica de transmisión(s).

Ao longo da sesión, propúxose a necesidade urxente de revisar unha nova política do corpo e da mirada e cuestionarase, a través das creacións de Olga Mesa, a presenza do outro e a súa relación co mundo.


A modo de claves, abordáronse catro cuestións esenciais: "Coreograma", "Fóra de campo", "O corpo próximo e o corpo operador" e "A dobre visión".

Esta conferencia performativa funcionou como un prólogo aberto e serviu de introdución ao proxecto de

revisión do traballo de Olga Mesa, que culminará cunha exposición retrospectiva sobre a artista organizada polo CGAC.

Participantes: 13

SIMPOSIO. A FIGURA DE LAXEIRO



Dirección: Real Academia Galega de Belas Artes
25 de novembro de 2022

A Real Academia Galega de Belas Artes dedicou o Día das Artes Galegas, 1 de abril de 2022, á figura do artista José Otero Abeledo, coñecido como Laxeiro.

Con motivo desta celebración, e no marco dunha serie de actividades programadas ao longo do ano, este simposio tivo a finalidade de afondar na obra do artista e de subliñar a súa relevancia no ámbito da arte galega e internacional do século XX.

A traxectoria vital e artística de Laxeiro (Lalín, Pontevedra, 1908 - Vigo, Pontevedra, 1996) cobre practicamente a totalidade do século pasado, e erixiuse, por dereito propio, un dos personaxes máis senlleiros do panorama galego das artes. A súa contribución á renovación da plástica galega, a súa proxección internacional e a influencia que tivo sobre as xeracións de artistas galegos máis novos xustifican a revisión e o estudo en profundidade da súa obra.

Interviron neste simposio arredor da súa figura dous nomes relevantes do estudo e a crítica de arte do

noso país, Carlos Bernárdez e Carlos Valle. O primeiro, en calidade de comisario da exposición *Foi un home*, centrouse no traballo de Laxeiro durante a súa estadía de vinte anos en Arxentina, entre os anos 1951 e 1970. O segundo, como autor dun libro de interese divulgativo acerca da obra do homenaxeado, encargado pola Academia e dirixido aos centros de ensino galegos. Ambos os dous compartiron co público a súa persoal visión sobre Laxeiro.

Participantes: 18

SEMINARIO DE FOTOGRAFÍA. RANIERO FERNÁNDEZ E A FOTOGRAFÍA GALEGA



Dirección: Manuel Sendón e Xosé Luís Suárez Canal
Do 30 de novembro ao 3 de decembro de 2022

As décadas dos cincuenta e sesenta son a idade de ouro das agrupacións fotográficas onde se desenvolvía toda a actividade fotográfica non profesional. Raniero Fernández era o presidente da máis activa delas, a Agrupación Fotográfica Gallega, mais as súas fotografías non acadaban importantes premios nos concursos porque non se axustaban á estética pictorialista imperante neles. Non obstante, o seu traballo ten hoxe un gran valor.

Neste seminario abordouse o significado das súas imaxes desde unha visión contemporánea, mais para comprendelas en profundidade foi necesario contextualizalas no seu momento. Por iso,

analizáronse as concepcións estéticas e a dinámica que caracterizaban as agrupacións fotográficas e as imaxes dos fotógrafos máis relevantes da agrupación, como García Ferrer, Francisco Losada, Schmidt de las Heras, Ricard Terré, Luis Zamora ou Veiga Roel.

Na obra de Raniero están presentes múltiples aspectos da sociedade galega como o mundo do mar, o do traballo no campo, as feiras, a relixión, a emigración... De aí o interese por relacionala con propostas sobre as mesmas temáticas doutros fotógrafos históricos galegos como José Suárez, Ksado, José María Massó ou Manuel Ferrol.

O xeito, absolutamente singular, en que Raniero estruturou o seu fondo fotográfico dá pé a analizar o significado que ten o arquivo nunha disciplina como a fotografía e as posibilidades estéticas que se poden derivar do uso deste dispositivo. Neste sentido, o arquivo das fotografías de hórreos e cruceiros que Raniero realizou ao longo de toda a xeografía galega adquire hoxe un importante valor. Unha visión contemporánea destas imaxes lévanos a relacionalas con propostas de artistas moi relevantes dese momento, como a parella formada por Bernd e Hilla Becher.

Participantes: 81

CICLO DE CINE. NALGURES



Dirección: Natalia Poncela

Do 28 ao 30 de setembro de 2022

A exposición *Nalgures* subliña a atención de Narelle Jubelin (Sidney, Australia, 1960) sobre aquelas

realidades que a linearidad da historia oficial esquece. Con esa vontade, abraza as subalternidades duns e doutros contextos, propios e alleos, para revisar memorias que nos permitan definir a nosa actitude diante deses feitos.

Nalgures (2022), *The Housing Question* (Helen Grace e Narelle Jubelin, 2019) e *The Third Space* (2012-2013) son as tres pezas fílmicas que formaron parte da exposición *Nalgures*. As tres estaban fiadas pola artista coma se fosen tecidos, utilizando distintas capas interrelacionadas. Un deses fíos, que aparece constantemente, é a posta en valor do comunitario e do habitacional. Para iso Narelle Jubelin indaga en memorias individuais que sempre nos conducen á colectividade e á comunidade.

A inclusión dunha serie de fotografías de Anna Turbau dentro de *Nalgures* remarca a vontade de Narelle Jubelin de escoller imaxes que nos devolven a unha realidade fragmentaria do contexto galego. Baixo o ollar de Turbau, foránea coma ela, tenta afondar nun conflito desenvolvido nos primeiros anos da transición democrática, cando o poder continuaba a ser caciquil, poñendo o foco na contestación popular á construción da autoestrada AP-9, onde están moi presentes conceptos como apropiación e usurpación.

Este ciclo de cine e conversas quería achegarse a eses momentos de conflito, a partir de conceptos como territorio, memoria e identidade.

Teresa Moure, lingüista e escritora, achegou a súa lectura e conversa, tanto cos filmes programados como coa fotógrafa Anna Turbau, e a cineasta Margarita Ledo, dúas autoras que compartiron contexto e experiencias nesa Galicia en tránsito da Transición.

Participantes: 83

CURTOCIRCUÍTO 2022



Dirección: Pela del Álamo

8 de outubro de 2022

Un ano máis o CGAC colaborou co festival internacional de cinema Curtocircuíto na súa 19ª edición.

O festival naceu en Santiago de Compostela no ano 2003 como unha iniciativa do concello da cidade coa intención de potenciar a creación cinematográfica no ámbito da curtametraxe.

Dezaioito edicións despois, Curtocircuíto é un festival destacado no panorama estatal que traballa en contacto directo con outros festivais de Europa. Na súa sección oficial compiten películas de todo o mundo e nas seccións paralelas ofrécese unha ampla variedade de duracións e formatos, tendo sempre a contemporaneidade e o risco como referentes. Curtocircuíto é un festival comprometido co seu tempo, que apoia os creadores e creadoras, a formación e a integración da cidadanía no mesmo. Máis aló de ser un festival de cinema, coas súas actividades paralelas e concertos, Curtocircuíto é un punto de encontro lúdico e cultural.

A actividade desenvolvida no CGAC foi un encontro con Todd Solondz, motivo polo que recuperamos un clásico das nosas programacións, a sección *Signed By*, na que propoñemos a grandes cineastas que exerzan de programadores do festival e asinen un

programa composto polas películas que foron determinantes na súa carreira.

Nesta edición, propuxemos unha sesión dobre que incluíu, por unha banda, a proxección dese conxunto de filmes esenciais para el –con traballos de Kenneth Anger, Paul Morrissey, Kuchar Bross, Rus Meyer ou Paul Bartel– e, por outro, un encontro en liña dunha hora e media na transcurso do cal puidemos charlar sobre esa selección e sobre outros temas relativos á súa obra.

Asistentes: 70

XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA. POÑER O FOCO



Do 1 ao 22 de xuño de 2022

As Xornadas de Música Contemporánea teñen o obxectivo de promover e difundir as últimas tendencias e a innovación da música contemporánea, poñéndoa en valor ao carón dos xa considerados clásicos do século XX.

Nesta edición das xornadas mantivemos a mesma liña de traballo e colaboración institucional que caracterizou as edicións precedentes e así, ademais da Universidade de Santiago de Compostela, o Centro Galego de Arte Contemporánea e o Concello de Santiago de Compostela a través do Auditorio de Galicia, contamos de novo coa aportación da

Deputación da Coruña, do Consorcio de Santiago e doutras institucións musicais locais.

Neste 2022 as xornadas contaron coa participación da JONDE, Joven Orquesta Nacional de España, como Orquesta Residente. Os máis novos e novas, arredor do lema 'Poñer o foco', repasaron a música contemporánea en dous concertos de ensemble contemporáneo, en colaboración co PluralEnsemble, e tres de cámara. Foi un paseo polos últimos 25 anos de parte da creación musical contemporánea no que os instrumentos clásicos da JONDE se mesturaron coas novas tecnoloxías, ao igual que pasou no resto das propostas que completaron o programa. Compositoras e compositores de varias xeracións con estéticas e camiños ben diferentes confluíron en varios programas nos que a electrónica, o vídeo ou a danza tiveron un papel relevante.

No CGAC tivo lugar, o 8 de xuño, unha conversa co compositor Diego Jiménez e un concerto de María Domínguez, que nos abraiou co concerto Pasaka.

Asistentes: 83

CONCERTO. MÚSICA EN COMPOSTELA



5 de agosto de 2022

O CGAC colaborou na 64.^a edición de Música en Compostela, un programa que fomenta a preservación, o coñecemento e a difusión do patrimonio musical español cun concerto que tivo

lugar o venres 5 de agosto ás 20:00 horas no auditorio do CGAC.

A través da música e a voz de nove compositoras actuais, a pianista Isabel Pérez Dobarro achegounos o eclecticismo das propostas musicais contemporáneas. O concerto explorou o papel da muller na música actual e permitiu descubrir un calidoscopio de espazos sonoros.

Durante o concerto interviron as compositoras das pezas permitindo que as súas experiencias individuais nos cheguen tanto a través da música como da palabra.

Asistentes: 205

WOS FESTIVAL X SON ESTRELLA GALICIA : ROUND TABLE: "TRAS O GRAN REINICIO" : A INDUSTRIA CREATIVA ANTE UNHA INMINENTE RECESIÓN PLANETARIA E SUBORDINACIÓN DIXITAL.

9 de setembro de 2022

Tras o "gran reinicio" provocado pola pandemia e o implícito shock colectivo, a sociedade tal e como a coñecemos achégase a unha recesión: valores degradados e ultra-mutables, extrema polarización, crise ideolóxica e de recursos, desfasamentos xeracionais, a integración masiva da intelixencia artificial no ámbito creativo e un problema compartido que tras 60 anos de invisibilidade que toca á nosa porta. O cambio climático e a escaseza de recursos son unha realidade que choca rotundamente sobre o enfoque neoliberal e capitalista sobre o que construímos a diario: mentres que o sistema económico entende que seguiremos crescendo indefinidamente, o estado do noso planeta di o contrario.

Neste coloquio, artistas e profesionais da industria cultural, musical e tecnolóxica debateron

abertamente sobre un futuro cheo de dicotomías e incertezas nun escenario próximo ao distópico. Cuestións éticas e morais que deben afrontar as propostas de club, a imposibilidade de escapar ao pasado (a lenta cancelación do futuro en termos de creatividade), as novas formas de responsabilidade social, cultural e ecolóxica que debe abordar calquera artista e ata os posibles rumbos que pronto compartiremos coa expansión da intelixencia artificial e o paradigma do metaverso.

Participantes: Alex Nikolov, Andrea Lamount, Karne Kulture, Mounqup, Patricia M. Val, Yugen Kala

Moderador: Frankie Pizá

VII INTERNACIONAL PERFORMANCE ART CONFERENCE



Dirección: Marta Pol Rigau, Carlos Tejo
Do 16 ao 18 de setembro de 2022

O congreso estivo organizado pola Universidade de Vigo e contou coa colaboración do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).

O obxectivo fundamental do congreso centrouse na análise e reflexión sobre os novos comportamentos da arte de acción, tanto desde a práctica como desde a reflexión teórica.

Programa desenvolvido no CGAC:

Venres 16 de setembro

16.30 h Presentación Santiago Olmo

17.00h. Conferencia plenaria de Pilar Parcerisas *Joseph Beuys en España. La trilogía de acciones Manresa*. Presentou e moderou Marta Pol Rigau

18.00h Mesa 2. As posibles interaccións entre a arte de acción e o contexto político (II)

Corporeidades al límite. Interacciones entre la performance y el contexto político. Diana Carolina Berjarana Coca. Universitat Pompeu Fabra. Barcelona.

Causas perdidas y arte del activismo. Jesús María Palomino Obrero. Universidad de Sevilla.

19.30h (el) *ARTE es ARTE. Performance* a cargo de Yolanda Herranz

Asistentes: 35

Sábado 17 de setembro

CGAC: Auditorio

10.00h Mesa 3. A Acción e as súas interseccións (I)

Performance y danza bajo el paradigma merleaupontiano. Sofía Fernández González. Universidade de Santiago de Compostela

Pieza de tejado y fuego: el escenario urbano de Trisha Brown y Babette Mangolte. Elisa Miravalles. Universidad Complutense de Madrid

El Cuerpo Cotidiano y la capoeira Angola: herramientas (no tan) contemporáneas para descolonizar el cuerpo. Gabrielle Mendieta Pérez. Universitat Politecnica de Valencia

12.00h Conferencia plenaria de Oscar Abril Ascaso *De Club7 a Club9. Veinticinco años performativizando la cultura*. Presenta e modera: Carlos Tejo Veloso

16.00h Mesa 4. A reflexión teórica da arte de acción (I)
La documentación de la performance: la imagen como trofeo. Análisis de Mirror of Origin de Deborah De Robertis. Marc Montijano Cañellas. Universidad de Málaga

Interseccións da arte e da ciencia: creacións performativas xerativas en tempo real. Isabel Maria Pereira dos Santos. Universidade de Coimbra

17.30h Mesa 5. A acción e as súas interseccións (II)

Gallinassa en l'Horta de València. Pensando nuestra identidad local desde la performance educativa. Amparo Alonso-Sanz Universitat de València y Ricard Ramon Camps Universitat de València

Misiones pedagógicas o por la inocencia suprema. Carme María Belmonte, IES Luís Vives de València y Lucía Peiró Lloret, Artista interdisciplinar

Belonging: the sound of silence and the wash basins- The opportunities of Arts to renew public space. Mário Mesquita, Faculdade de Arquitectura da Universidade do Porto

La Performance Plegada: Desdoblando la acción en el digital. Carlos Fernández López. Universidade de Vigo
Participantes: 40

Domingo 18 de setembro

CGAC: Auditorio

10.00h Mesa 6. A reflexión teórica da arte de acción (II) *La desobediencia artística travesti/trans como reparación histórica en la escena argentina.* Eliana Francésca Arévalo Delgado da Universidade de Oviedo *¿La performance como objeto? Un balance de algunas de las propuestas de Graham Harman.* Sergio Meijide Casas. Universidade de Santiago de Compostela *NOT THERE (YET) – for a post-history of performance art.* Pablo Alvez Artinprocess de University of Surrey 14.30 h Clausura e conclusións

Participantes: 32

O PODER DOS MUSEOS. SEMANA DOS MUSEOS 2022

Do 14 ao 22 de maio de 2022

Para celebrar o 18 de maio, Día internacional dos Museos, este ano o ICOM propuxo como lema *O poder dos museos*. O seu obxectivo é suliñar o potencial transformador dos museos nas súas comunidades. Os museos como lugares de formación, descubrimento, investigación e encontro, e como foros de intercambio cultural e de coñecemento.

No CGAC programamos, arredor deste día, unha semana chea de actividades para todos os públicos:

- Sábado 14 de maio. Ruta *O CGAC e outros fitos da arquitectura contemporánea compostelá*. Asistentes: 27
- Domingos 15 e 22 de maio. Visita guiada ás exposicións. Asistentes: 10.
- Luns 16 de maio. Sesión aberta do curso en liña *Intrahistorias da arquitectura IV*. Asistentes: 50
- Mércores 18 de maio. Sesión aberta do curso de arte, cultura e historia *A construcción da modernidade: vangardas e posvangardas*. Asistentes 120
- Xoves 19 e venres 20 de maio. Visitas guiadas *¿Cómo se fixo? A mostra Cruzamentos, desde os almacéns ás salas de exposición*. Asistentes: 36.
 - Xoves 19 de maio. Participaron Santiago Olmo, Sara Donoso e os artistas Chelo Matesanz e Álvaro Negro.
 - Venres 20 de maio. Participaron Santiago Olmo, Sara Donoso e os artistas Amaya González Reyes e Vitor Mejuto.
- Sábado 21 e domingo 22 de maio. Talleres para familias *Unha viaxe ata Perú*. Participantes: 25

RUTA O CGAC E OUTROS FITOS DA ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA COMPOSTELÁ



Dirección: Carmen Rey

Do 9 de abril ao 17 de setembro 2022

A arquitectura e o urbanismo contemporáneos son os grandes descoñecidos da cidade de Compostela. Esta ruta recolle unha mostra das actuacións feitas nos últimos cincuenta anos que, de forma continua, foron definindo e singularizando a zona norte da cidade. Falamos da relación entre a arquitectura e a paisaxe, do diálogo entre a tradición e a modernidade, da pedra e das novas linguaxes arquitectónicas....

Partimos do exterior do CGAC e falamos da importancia desta primeira obra de Álvaro Siza en Santiago de Compostela. Continuamos a camiñada deténdonos noutros fitos da arquitectura contemporánea compostelá, como o conxunto da avenida Xoán XXIII; a Biblioteca Pública de Santiago, Ánxel Casal, de Andrés Perea; a residencia do presidente da Xunta de Galicia, de Manuel Gallego Jorreto; a quinta Simeón, tamén coñecida como parque de Vista Alegre, con intervencións de César Portela, Arata Isozaki e Antón García Abril; e o Auditorio de Galicia, de Julio Cano Lasso.

Rematamos o paseo, regresando á arquitectura de Siza, na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

A finalidade última desta actividade é animar a todas as persoas participantes a pasear pola cidade e a que

descubran as arquitecturas e os espazos urbanos máis novos.

Participantes: 148

PRESENTACIÓNS DE PUBLICACIÓNS

PRESENTACIÓN DO CATÁLOGO *CAOSMOS* E DO LIBRO *TEORÍA DO ASOMBRO* DE ANTÓN PATIÑO



Participantes: Antón Patiño, Alberto Ruiz de Samaniego e Santiago Olmo.

2 de xuño de 2022

Nesta xornada tivo lugar, na biblioteca do centro, a presentación do catálogo *Cosmos* e o libro complementario *Teoría do asombro*.

Asistentes: 9

PRESENTACIÓN DO LIBRO *TIGRES EN MAGNOLIAS* DE MARÍA MARCO, II PREMIO CGAC DE INVESTIGACIÓN E ENSAIO



Participantes: María Marco e Santiago Olmo

21 de xuño de 2022

Nesta xornada tivo lugar, na biblioteca, a presentación do segundo volume da colección CGAC_Ensaio. O ensaio de María Marco explora os puntos de contacto entre a maxia e a arte contemporánea, cunha orixinal mirada que relaciona o culto e o popular, ao tempo que reivindica a figura dalgunhas artistas que, a pesar do seu talento e achegas, non figuran nos manuais da historia da arte.

Asistentes: 31

PRESENTACIÓN DO CATÁLOGO *CREBAS* E O LIBRO *LA CAMPANA HERMÉTICA*. FRANCESC TORRES



Participantes: Francesc Torres, Francisco Xosé Fernández Naval, Rocío Figueroa, Joan Ricart e Santiago Olmo

22 de setembro de 2022

O xoves 22 de setembro ás 18:30 horas tivo lugar no auditorio do CGAC a presentación de *Francesc Torres. Crebas*, catálogo da exposición homónima inaugurada no CGAC en 2020, e o libro de memorias do artista *La campana hermética*, editado recentemente polo selo Catedral do grupo Enciclopèdia Catalana.

Na presentación participaron Francesc Torres; o escritor Francisco Xosé Fernández Naval, autor dun dos textos do catálogo; a comisaria da exposición *Crebas*, Rocío Figueroa Guisande; o editor de *La campana hermética*, Joan Ricart; e Santiago Olmo, director do CGAC.

Asistentes: 23

ACTIVIDADES VINCULADAS A EXPOSICIÓNS

FSDW / IDENTIDAD Y TERRITORIO

13 de xaneiro de 2022

Exportar diseño y diseño para exportar. Conferencia de Nacho Lavernia

Visita guiada realizada por Uqui Permy, un dos comisarios da mostra

Asistentes: 200

WUNDERKAMMER. SUSO FANDIÑO



11 de febreiro de 2022. Conversa e inauguración da mostra

Participantes: Suso Fandiño, Mónica Maneiro e Santiago Olmo

Asistentes: 131

CRUZAMENTOS NA ARTE GALEGA DA COLECCIÓN CGAC

4 de marzo de 2022. Conversa e inauguración da mostra

Participación: Santiago Olmo e Sara Donoso

Asistentes: 130

BUEN GOBIERNO. SANDRA GAMARRA HESHIKI

11 de marzo de 2022. Conversa e inauguración da mostra

Participantes: Sandra Gamarra, Agustín Pérez e Santiago Olmo

Asistentes: 52

NALGURES. NARELLE JUBELIN

3 de xuño de 2022. Conversa e inauguración da mostra

Participantes: Narelle Jubelin, Natalia Poncela e Santiago Olmo

Asistentes: 60

O MUSEO COMO ESCENARIO

Venres 10 de xuño

18:30 | CGAC. Salas de exposicións

Dislocación

Performance duracional (do 10 ao 18 de xuño)

Berio Molina

En colaboración con Calís Pato e Alejandra Pombo

18:30 h | CGAC. Salas de exposicións

Contemplación

Performance

Marta Pazos

En colaboración con Miguel Escabias e Lola Robles

19:30 h | CGAC. Salas de exposicións

A charca

Performance

Rosana Antolí

En colaboración cos performers Mikel Aristegui, Mariña Ferreiro, Giovanni Peixoto e Nazaré da Vila Pousada

Espazo sonoro deseñado por Pálida

Asistentes: 132

Sábado 11 de xuño

12:00 h | Auditorio do CGAC

Mesa redonda *O museo como escenario*

Participantes: Rosana Antolí e Marta Pazos

Moderaron: Iñaki Martínez Antelo e Santiago Olmo

19:00 h

Performance da Cooperativa Performa

Asistentes: 96

Domingo 12

Performance da Cooperativa Performance

Asistentes: 75

Xoves 30 de xuño

18:30 h | Auditorio do CGAC

Conversa *O museo como escenario*

Participación: Berio Molina, Calís Pato, Alejandra Pombo, Mónica Maneiro e Santiago Olmo

Asistentes: 34

NALGURES. ENCONTRO CON NATALIA PONCELA E TERESA MOURE

22 de xuño de 2022

Natalia Poncela, comisaria da mostra, e a escritora Teresa Moure, realizaron un percorrido polas salas da exposición da artista Narelle Jubelin.

Asistentes: 14

RANIERO FERNÁNDEZ. O ARQUIVO

14 de xullo de 2022. Conversa e inauguración da mostra

Participantes: Manuel Sendón, Xosé Luís Suárez e Santiago Olmo

Asistentes: 21

VIDAS. CLAUDIO ZULIAN



28 de outubro de 2022. Conversa e inauguración da mostra

Participantes: Claudio Zulian e Santiago Olmo

Asistentes: 135

29 de outubro de 2022. Presentación do programa de proxeccións que ten lugar todos os sábados e domingos mentres dure a mostra. *A través del Carmel*, *No será lo mismo* e *Power No Power* son as películas de Claudio Zulian que compoñen este programa.

Asistentes: 27

CAMIÑOS III



11 de novembro de 2022. Conversa e inauguración da mostra

Participantes: Miguel Ángel Blanco, Mar Caldas, Manolo Laguillo, Juan Lesta e Santiago Olmo

Asistentes: 110

17 de novembro de 2022

19:00 h | Auditorio do CGAC

I Will Greet the Sun Again, performance-conferencia de Kubra Khademi.

Desde a súa experiencia vital como exiliada e refuxiada, e tamén como nacionalizada francesa, relatou as transferencias entre o feminismo, o compromiso político e as súas translacións e reconversións no artístico.

Asistentes: 33

Xoves 24 de novembro de 2022

19:00 h | Sala 1 da primeira planta do CGAC

Horizonte/5 expandido, performance sonora de Juan Lesta y Marco Maril.

Juan Lesta e Marco Maril programaron de maneira conxunta unha sucesión de imaxes en movemento que se compasaron coa composición musical específica titulada *Horizonte/5 expandido*, variaron así a proxección dos vídeos sobre as súas pantallas e emitiron esas sonoridades momentáneas polas salas do CGAC.

Asistentes: 12

AUTORIZACIÓNS DE USO TEMPORAL DOS ESPAZOS DO CGAC EN 2022

25 DE FEBREIRO

Concerto do Conservatorio Profesional de Música de Santiago

Auditorio

Participantes: 100

8 DE MARZO

Entrega de premios, carteis e vídeos 8 M da Secretaría Xeral de Igualdade

Auditorio

Participantes: 80

7 DE ABRIL

Concerto do Conservatorio Profesional de Música de Santiago

Auditorio

Participantes: 100

30 DE ABRIL

Entrega dos premios XII Concurso "Deseña unha xoia para a túa nai" do Colexio Oficial de Xoiaría de Galicia Auditorio.

Participantes: 250

5 DE MAIO

Presentación do libro de Vari Caramés organizada pola tenda libraría do CGAC

Cafetería do CGAC

Participantes: 60

7 DE MAIO

Entrega dos Premios da Cultura Galega 2022 organizado pola Secretaría Xeral de Cultura

Auditorio

Participantes: 250

23 DE MAIO

Gravación dunha entrevista para o programa *Galegos da TVG*

Biblioteca

Participantes: 8

30 DE MAIO

Gravación dunha entrevista para o programa *Galegos da TVG*

Biblioteca

Participantes: 8

6 DE XUÑO

Gravación dunha entrevista para o programa *Galegos da TVG*

Biblioteca

Participantes: 8

13 DE XUÑO

Gravación dunha entrevista para o programa *Galegos da TVG*

Biblioteca

Participantes: 8

16 DE XUÑO

Presentación-concerto da pianista Andrea González organizado polo Agadic

Auditorio

Participantes: 25

20 DE XUÑO

Gravacións de entrevistas a empresarios por parte do IGAPE

Biblioteca

Participantes: 6

25 DE XUÑO

Mesa redonda "Mulleres LGBTI: falan elas" organizada pola Concellería da Muller do Concello de Santiago de Compostela

Auditorio

Participantes: 150

28 DE XUÑO

Concerto fin de curso da Asociación Peregrinos Musicales. Arte de piano

Auditorio

Participantes: 40

29 DE XUÑO

Acto de graduación dos alumnos da EASD Mestre Mateo

Auditorio e cafetería

Participantes: 250

DO 7 AO 9 DE XULLO

Concertos do Curso de música de cámara e instrumental *Airas Nunes*

Auditorio

Participantes: 150

15 DE XULLO

Concerto do Compostela FestiSax dentro do XVIII Encontro Galego do Saxofón

Auditorio

Participantes: 60

DO 21 AO 27 DE XULLO

Curso internacional de arquitectura *Moving Boundaries*

Participantes: 90

4 DE AGOSTO

Encontro dentro do contexto da Peregrinación Europea de mozos

Participantes: 250

6 DE AGOSTO

Encontro dentro do contexto da Peregrinación Europea de mozos

Participantes: 250

6 DE SETEMBRO

Presentación X edición do Premio Galicia de Fotografía Contemporánea

Biblioteca

Participantes: 8

10 DE OUTUBRO

Gravación dunha entrevista para o programa *Galegos* da TVG

Biblioteca

Participantes: 8

13 E 14 DE OUTUBRO

SiSons Enclave Musical, Feira de música de Galicia. Charlas e Showcases

Auditorio

Participantes: 40

26 DE OUTUBRO

Presentación dos traballos de planificación para unha Galicia sostenible da Fundación RIA

Auditorio

Participantes: 250

7 DE NOVEMBRO

Gravación dunha entrevista para o programa *Galegos* da TVG

Biblioteca

Participantes: 8

9 E 10 DE NOVIEMBRE

Xornadas de apertura do curso 2022 EASD Mestre Mateo

Auditorio

Participantes: 250

Proxección de luz na fachada de San Domingos de Bonaval desde a terraza do CGAC.

19 DE NOVIEMBRE

Xornadas de educación e deseño contemporáneo do CAFI

Auditorio

Participantes: 60

21 DE NOVIEMBRE

Acto con motivo do Día Universal dos Dereitos da Infancia organizado pola Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia

Auditorio

Participantes: 150

26 DE NOVIEMBRE

Mesa redonda e concerto da Asociación Galega de Compositores

Auditorio

Participantes: 30

28 DE NOVIEMBRE

Obradoiros do Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia

Cafetería, terraza da cafetería, hall do auditorio e entrada ao museo

Participantes: 70

DO 29 DE NOVIEMBRE DE 2022 AO 27 DE XUÑO DE 2023 (ÚLTIMO MARTES DE CADA MES)

Sesións do curso de fotografía *Fotoforum*


Sala de xuntas

Participantes: 25

DO 2 DE DECEMBRO DE 2022 ATA O 6 DE XANEIRO DE 2023

PUBLICACIÓNS 2022

CAMILO JOSÉ CELA. LA PALABRA Y LA IMAGEN



Colección: CGAC_DEBATE

Autores/as: Sonia Betancort Santos, Marta Cristina Carbonell, Alba Guimerà Galiana, Gemma Márquez Fernández, Noemí Montetes-Mairal y Laburta, José María Paz Gago, Lourdes Regueiro Fernández, Blanca Ripoll Sintés, Iván Rodríguez Varela, María Isabel Rovira Martínez de Contrasta, Adolfo Sotelo Vázquez, Marisa Sotelo Vázquez, Raquel Velázquez Velázquez, Darío Villanueva Prieto

Idiomas: Castelán

296 pp.; 15 x 21cm; b/n, cor; rústica

Editado con motivo do seminario *Camilo José Cela: a palabra e a imaxe*, que tivo lugar no CGAC o 4 e 5 de xuño de 2021, este volume recolle unha colección de artigos que exploran a obra do premio Nobel a partir da relación da súa obra narrativa —contos, apuntamentos carpetovetónicos, libros de viaxes, relatos pseudoemblemáticos, fotorrelatos, calidoscopios, mesmo novelas— coas artes visuais a

través do diálogo con pintores (Picasso, Esplandiú, Zabaleta ou Lloveras), debuxantes (Lorenzo Goñi) e fotógrafos (Wlasak, Fontserè ou Palazuelo). Se hai algo que caracteriza a obra de Cela é a súa vontade permanente de conversar coas imaxes, en ocasións de modo solidario e a miúdo de modo irónico ou paródico, poxando sempre por subvertelas desde a palabra.

V EDICIÓN DO PREMIO CGAC DE INVESTIGACIÓN E ENSAIO SOBRE ARTE CONTEMPORÁNEA

A obra *A caverna baleira*, de Jorge Fernando Gonzalo, resultou gañadora do V Premio CGAC de investigación e ensaio sobre arte contemporánea.

A decisión foi adoptada por unanimidade polo xurado presidido por Santiago Olmo e integrado por Ignacio Castro Rey, Suso Fandiño e Chus Martínez Domínguez. Todos eles valoraron especialmente a oportunidade e vixencia do tema tratado así como o enfoque multidisciplinar do traballo.

O texto

A caverna baleira preséntase como un exercicio de ensaio-ficción motivado polo descubrimento azaroso dun suposto Instituto de Arte Inexistente. A partir deste feliz achado, o autor constrúe un texto moi sólido e ben fundamentado, que nos conduce a través dos diversos enfoques teóricos, categorizacións e xenealoxías posibles aplicables á arte inexistente. A tal fin, revisa algunhas das liñas de contraprodución estética que marcaron o cuestionamento do obxecto artístico e propón un itinerario a través das obras de arte inexistentes e doutras cuxa existencia podería ser (e de feito é) cuestionada. Arte invisible, arte inmaterial, arte *fake* e arte non producida son balizas deste percorrido no que o autor declara abertamente a súa rebeldía fronte ao status hexemónico da arte negándose a sí mesmo a condición de artista.

O autor

Jorge Fernández Gonzalo (Madrid, 1982) é doutor en Filoloxía Hispánica pola Universidade Complutense cunha tese sobre a poesía de Claudio Rodríguez. Á súa tarefa investigadora hai que engadirlle unha recoñecida traxectoria como poeta, con cinco poemarios publicados e premios como o Joaquín Benito de Lucas ou o premio Hiperión de poesía. Codirixe a publicación dixital *Revista Neutral*, especializada na obra e o pensamento de Maurice Blanchot, e publicou unha trintena de estudos sobre poesía, filosofía e pensamento en revistas especializadas. A súa obra *Filosofía zombi* foi finalista do Premio Anagrama de Ensaio en 2011.

BIBLIOTECA



A biblioteca do CGAC conta cunha colección especializada en arte e cultura contemporánea. Este servizo está dirixido a persoas investigadoras, estudantes e ao público en xeral, á vez que serve de apoio ás exposicións, actividades e publicacións realizadas no centro.

O fondo documental está formado por máis de 27.000 títulos entre catálogos, monografías de artistas, libros de historia e teoría da arte, catálogos de feiras, material audiovisual e folletos, así como programas de actividades de distintos museos.

Entre os servizos que presta a biblioteca atópase a formación de usuarios, que inclúe charlas con estudantes de Historia da Arte da Universidade e tamén ao alumnado de bacharelato e de escolas profesionais. Conta ademais cun importante programa de intercambio de publicacións con institucións de Galicia, España e do extranxeiro. Retomouse no 2022 a actividade de extensión da biblioteca coa "Biblioteca de verán" que consiste nun fondo seleccionado e catálogoado que a través dun código QR enlaza ao catálogo da biblioteca do CGAC. Este fondo pódese consultar nas intalacións da cafetería no período de verán.

Tras o período provocado pola COVID 19 a biblioteca preparou de novo centros de interese sobre algunhas

das exposicións do CGAC como Hamish Fulton ou *Camiños III* que completan a súa interpretación.

O número de consultas realizadas na biblioteca durante o ano 2022 foi de 346.

COLECCIÓN

COMPRAS COLECCIÓN CGAC 2022
(TOTAL COMPRAS = 182.962,11 € IVE INCLUÍDO)

REGINA GIMÉNEZ



SIN TÍTULO, 2018

DÚAS MESAS DE CAMPING, FORMICA E VINILO

115 X 80 X 4 CM

COL2022-0001

OFERTA DE COMPRA: 5.445,00 €

OFERTANTE: GALERÍA VILASECO (A CORUÑA)

Regina Giménez (Barcelona, 1966). En *Sin título* (2018) hai unha certa modernidade agochada. Esta obra é un xesto sobre o movemento moderno, a simplicidade da arquitectura e o deseño de vangarda que buscaba a democratización da forma e a arte. Agora sabemos que esas ideas non foron tan democráticas, sobre todo porque na súa fase práctica atopouse cunha realidade social complexa. Ideas que quedaron en teoría e utopía.

Unha mesa de cámping pregable que podería resumir o ideario moderno, deseño fácil, lixeiro e para todo o mundo, pero que envellecía mal e esquecíase nun garaxe. Aquí a súa utilidade está agochada, só podemos vela se prestamos moita atención, e convértese nunha obra que leva os rastros do seu uso ao campo da pintura/escultura.

O xogo, como o sentido do humor, algo que non agocha efectos dramáticos puntuais, está presente nesta obra de Regina Giménez onde o cadro está disposto *prêt-à-porter* sobre vellas mesas de camping –ou sobre unha alfombra, como na obra *Ciathermem* – nunha linguaxe de tamaño e cor. Así, as utopías que levaban á arte dun lugar a outro para ser utilizadas, están aquí ao alcance da man (ou dos pés). Non deixa de ser, por vella, innovadora, cando a pintura se expande a soportes non propios, pero cos que necesariamente ten que convivir. O precario, vencellado ás derivas procesuais é, xunto co xogo e o humor, un xesto irreverente que tamén campa ás súas anchas nesta obra.

REGINA GIMENEZ



IREMOS AL SOL, 2021

TÉCNICA MIXTA SOBRE CARTÓN

34 X 24,5 CM

COL2022-0002

OFERTA DE COMPRA: 1.452,00 €

OFERTANTE: GALERÍA VILASECO (A CORUÑA)

Regina Gimenez (Barcelona, 1966). Na obra de Regina Gimenez, os tamaños son relativos.

Significativamente, no título da obra *Iremos al Sol*, recoñecemos un guiño á célebre biografía de Sonia Delaunay, *Nous irons jusqu'au soleil*, e certamente esa

conxunción xeométrica de círculos e rectángulos, reverbera como ondas e ecos pasados desa artista ucraniana.

A apropiación dunha imaxe sobre o tamaño relativo das estrelas, xa obsoleto, utilizado para fins pedagóxicos, sen a lenda que o facía intelixible, convértese no punto de partida desta obra e outras da mesma serie. Unha composición simple, recollendo os elementos xeométricos, os círculos, unha forma universal, que todo o mundo pode facer e repetir ata o infinito, salientando a súa condición simbólica, deixan aquí o campo da ciencia, para entrar no ámbito da creación artística suxerindo novas lecturas.

Toda a obra de Gina Gimenez fraguouse a partir da observación de formas pedagóxicas subalternas. Unha visita ao seu estudo constataría a sedución que producen manuais e libros infantís dedicados á astronomía ou á xeografía do mundo. Este material serve a un mesmo tempo como iconografía e como soporte, pois non é infrecuente que pinte sobre tapas arrincadas de libros cuxas imaxes orixinais reavalía mediante o seu xa característico espectro cromático. O sol como astro e como fonte de luz é un motivo reiterado. Na súa concienzuda procura, visible no carácter serial de toda a súa obra, asomámonos a unha vontade de presentar o coñecemento baixo unha lóxica e unha organización metódica. Se non fóra polo uso da cor diríamos que é unha organización que fuxe do extravagante.

Secuencias de circunferencias de tamaño decrecente acaparan boa parte do seu universo. Nacen de plantillas de metacrilato que crea a propia artista e que dispón no espazo para que sexan utilizadas, por quen así o desexe, nun espazo dedicado á especulación formativa. Mediante a utilización destas plantillas, Gimenez configura un universo formal e tamén unha sorte de vocabulario a partir da

concatenación de signos que aparecen con reiteración nas súas madeiras, lenzos, gravados ou tecidos.

KIKO PÉREZ



SEGUNDA PARTE I, 2018

PINTURA AO ACEITE E COLAXE SOBRE PAPEL

95 X 75 X 5 CM

COL2022-0003

OFERTA DE COMPRA: 5.500,00 €

OFERTANTE: GALERÍA EHRHARDT FLÓREZ (MADRID)

Kiko Pérez (Vigo, 1982). Kiko Pérez sempre tivo un apego especial ao papel e a súa obra desenvólvese fundamentalmente sobre este medio e esta superficie. No caso da obra *Segunda parte I* (2018), o papel establécese como elemento central e acolle ao mesmo tempo novas propostas formais que Pérez desenvolveu recentemente.


Segunda parte I fai unha alusión directa a unha primeira serie de obras de Kiko Pérez realizadas en torno ao ano 2014, nas que situaba liñas e raias horizontais e verticais sobre uns fondos neutros. Ao repetir ese mesmo exercicio metodolóxico uns anos despois, titulou esta "revisión" do traballo anterior *Segunda parte*.

A súa obra establécese entre o xeométrico e o pictórico, levando a cabo unha transición complexa

entre a ortodoxia formal da xeometría máis pura e o xesto diluido do orgánico. O uso do corte e a plantilla foi un paso repetido na maioría das súas obras, a concepción destas como dobre fondo e estrutura é moi singular. Sobre unha superficie de papel pintada se pegan e se pintan outros papéis que, simulando certa simetría e homoxeneidade, están nembargantes repletos de cambios de escala, tamaño, cor e forma.

Esta nova peza forma tamdem coas xa pertencentes á colección do CGAC, a súa homóloga *Segunda parte* (2018), a escultura *Kiwi and the frog* (2018) e as tres pezas *Die Kartoffen und der Wurm* (2018), tendo así unha boa representación do facer deste artista na colección.

JUAN LÓPEZ



KIT PARA NOVO IMAXINARIO (#5 DA SERIE HIMNO), 2019

INSTALACIÓN. BAFLE, GUITARRA, CINCHAS, LÁMPADA, MATERIAL ELÉCTRICO

70 X 80 X 131 CM

COL2022-0004

OFERTA DE COMPRA: 3.000,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA

Juan López (Ferrol, 1973). Coa *Serie Himno*, Juan López realiza distintas aproximacións á idea de himno a partir da música que Pascual Veiga

compuxo para o himno galego. Impoñendo distintos condicionantes en cada unha das pezas desta serie, trata de xerar distintas lecturas e plantexar cuestións sobre as ideas de comunidade, carácter, unión, cohesión ou representatividade, pero tamén, ao mesmo tempo, sobre as ideas de diferenciación, disfunción ou desunión. Xoga coa idea de himno e o que significa, cómo e para qué se utiliza, para plantexar preguntas sobre a nosa identidade comunitaria: que é o que nos une?, cómo vemos aos outros?, cómo nos ven os outros?

En *KIT PARA NOVO IMAXINARIO (#5 DA SERIE HIMNO)* plantexa: qué pasaría se se trouxeran algunhas das características do imaxinario dos popes da cultura rock (Hendrix, Townsend, ...) ao terreno do himno galego?. Esa pregunta é a que subliña esta peza dentro da *Serie Himno*, proporcionando os elementos necesarios que completan ese *kit* de uso do noso himno nun novo contexto, cun novo imaxinario.

Esta obra complementaríaa á vídeo-instalación deste artista, *ST. #2 (DA SERIE HIMNO)*, que xa forma parte da colección CGAC.

JUAN LÓPEZ



ST. (SEÑALIZACIÓN MUDA), 2019

INSTALACIÓN. TIMBAL, CAIXA, BAQUETAS, FOTOGRAFÍA EN PAPEL HAHNEMÜHLE PHOTO RAG 308 GR.

MEDIDAS VARIABLES

COL2022-0005

OFERTA DE COMPRA: 2.000,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA

Juan López (Ferrol, 1973). Impondo distintos condicionantes en cada unha das pezas das súas series, Juan López trata de xerar distintas lecturas e expor cuestións sobre as ideas de comunidade, carácter, unión, cohesión ou representatividade, pero tamén, á súa vez, sobre as ideas de diferenciación, disfunción ou desunión. Xoga coa idea de himno e o que significa, como e para que se utiliza, para expor preguntas sobre a nosa identidade comunitaria: que é o que nos une?, como vemos aos outros?, como nos ven os outros?...

Nesta peza, *ST. (Señalización muda)* (2018), se ensamblan compoñentes musicais habituais, non no sentido dunha galería familiar, senón no de unha rúa ou do apartamento dun amigo, ou garaxe, talvez o almacenamento dunha tenda minorista. A tendencia é miralos como cousas xa entendidas, son fermosas, pero que están a facer aquí, amontoadas así?

Nese momento aparece outro verniz destas cousas, unha falta de familiaridade, un rumbo cara aos mesmos obxectos, o seguro vólvese inseguro. Tamén hai na obra unha imaxe, unha fotografía que é unha imaxe fiel dos obxectos observados. Isto atrae un marco particular de enfoque. Unha invitación, talvez unha suxerencia, a visualización afástase de só ver e calcular estes obxectos, e agora trátase claramente dun proceso de consideración, constrúese un inventario de enfoques nun intento de xerar un vocabulario para obter máis asociacións.

É na paisaxe cultural de imaxes e obxectos onde se producen os conxuntos primarios de significado cultural directo que comunican e informan o noso coñecemento e identidades compartidos, sempre

revelando o paso a un subterreno máis amplo onde están en xogo a física emocional e as ligazóns que conectan os obxectos a unha fluidez de significado.

Os obxectos cotiáns, na variedade que se dá por sentada, de súpeto agora están a crear unha linguaxe diferente que podemos tentar ler e seguir, nunha viaxe de revelación cara a un mundo que non sabiamos buscar.

NANO4814

*SIN TÍTULO*, 2020

ESCULTURA. RESINA DE POLIURETANO E CORDA

90 X 40 X 24 CM

COL2022-0006

OFERTA DE COMPRA: 3.300,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA

NANO4814 (Vigo, 1978). As instalacións de NANO4814 aputan nunha dirección diferente á habitual, a parente desorde visual responde á complejización das súas formulacións e o entrecruzamiento de disciplinas: vestixios narrativos e notas de autoficción, o fervedoiro do tráfico urbano como cruzamento de miradas e linguaxes, metadiscursos que exploran a disfuncionalidade da arte, a música, o

universo skate e o muralismo rueiro. Desencadeamento de prácticas contaminadas que parece ser o verdadeiro signo do noso tempo.

Esta composición colgante está formada por nós de tubos de resina de poliuretano que se amarran a unha corda de obra, xogando co concepto de equilibrio e desfiguración. Responde a estética colorista e iconografía característica de Nano4184, empregando elementos recorrentes no seu traballo e que garda unha gran interacción co urbano e as súas intervencións nas rúas, onde o espazo e contexto espacial tamén cobra importancia.

Hai unha exploración lúdica e irónica da arte, formas que se retorcen e exploran as forzas da flexibilidade e da gravidade, desafiando a lóxica e buscando a idea de xogo.

Esta obra formou parte da exposición do CGAC, *CULTIVAR INCERTEZAS: REFORMULAR O ESPAZO / CONMOCIONAR A MIRADA* (2021).

NANO4814



SIN TÍTULO, 2022

ESCUPTURA. RESINA DE POLIURETANO, PINTURA AUTOMOCIÓN E COITELO
41 X 9 X 16,5 CM

COL2022-0007

OFERTA DE COMPRA:
2.200,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA

Neste caso, NANO4814 presenta unha composición de parede formada por nós de tubos de resina de poliuretano que se sosteñen por un coitelo cravado na parede, xogando co concepto de equilibrio e

fraxilidade, de forza e delicadeza. Responde a estética colorista e iconografía característica de NANO4184, empregando elementos recorrentes no seu traballo e que garda unha gran interacción co urbano e as súas intervencións nas rúas, onde o espazo e contexto espacial tamén cobra importancia.

Os seus temas varían e evolucionan xunto coas súas experiencias de vida, pero moitas ideas recorrentes aparecen a miúdo inconscientemente no seu traballo: desequilibrio, composicións nun equilibrio precario, a noción de fraxilidade, presión, figuras comprimidas entre si ou contra os bordos da pintura, barreiras físicas e metafóricas, xogos de palabras ambiguos e descontextualizados...

MAR CALDAS



ARGACEIRA. SERIE FACEDORAS DO BAIXO MIÑO, 2020
FOTOGRAFÍA DIXITAL. IMPRESIÓN CONTINTAS MINERAIS K3

EDICIÓN 1 DE 5 + 1 P.A.

129 X 112 X 4 CM

COL2022-0008

OFERTA DE COMPRA: 4.400,00 €

OFERTANTE: A ARTISTA

Mar Caldas (Vigo, 1964). A obra *Argaceira* forma parte do proxecto *Facedoras* e da serie *Facedoras do Baixo Miño* (2018-2020). Co termo "facedoras de" faise unha

dobre alusión: ao feito de que son traballadoras dun determinado lugar, e a que co seu facer contribúen a construír a súa localidade. Nesta serie fotográfica as traballadoras posan con vestimentas, obxectos e outro tipo de elementos propios do seu labor. Amósanse fortes, poderosas, orgullosas, donas de si. Seguindo a lóxica do monumento, a escena fotográfica enmárcase no espazo público. As mulleres son retratadas en lugares significativos ou relacionados coa súa actividade laboral.

Na fotografía *Argaceira*, vemos a unha aguerrida muller sobre a moto na que porta as algas unha vez secas. A fotografía está feita no porto de A Guarda, onde ela colle e pon a secar o argazo. Ao fondo pode verse o peirao.

A composición das imaxes fotográficas do proxecto *Facedoras* parte do legado da historia da arte, sobre todo da pintura. As referencias a obras da tradición artística ás veces son directas e outras son alusións máis ou menos veladas. En ocasións crúzanse varias referencias, como no caso da *Argaceira*: a máis obvia é o *retrato ecuestre do Conde Duque de Olivares* pintado por Velázquez, máis o reflexo do rostro da muller no espello retrovisor condúcenos tamén a *La Venus del espejo*, do mesmo autor.

A interacción é un elemento fundamental do proxecto. Prodúcese encontros coas protagonistas nos que se lles explica o que se pretende facer, convérsase sobre o traballo que desenvolven, valóranse conxuntamente as localizacións e amósanse bosquexos.

O prezo de mercado desta peza ascende a 5.000 €

MAR CALDAS



REDEIRAS. SERIE FACEDORAS DO BAIXO MIÑO, 2019
 FOTOGRAFÍA DIXITAL. IMPRESIÓN CONTINTAS
 MINERAIS K3
 EDICIÓN 1 DE 5 + 1 P.A.
 112 X 165 X 4 CM
 COL2022-0009
 OFERTA DE COMPRA: 4.400,00 €
 OFERTANTE: A ARTISTA

Mar Caldas (Vigo, 1964). A obra *Redeiras* forma parte do proxecto *Facedoras* e da serie *Facedoras do Baixo Miño* (2018-2020).

Na fotografía *Redeiras*, sete mulleres que desenvolven o devandito oficio posan con diversas redes e artes de pesca que reparan. A fotografía foi realizada no peirao de A Guarda, ao lado da nave onde traballan. As figuras distribúense en tres niveles, e ao fondo vese a vila e os barcos pesqueiros.

As referencias a obras da tradición artística ás veces son directas e outras son alusións máis ou menos veladas. As citas adoitan ser acenos ou homenaxes, máis tamén nalgún caso emprégase a estratexia de *détournement*. Neste caso constitúe un aceno á obra de Diego Velázquez *Las Hilanderas*, vinculando aos oficios das tecedoras e das redeiras, os cales comparten técnicas, procedementos e ferramentas semellantes.

O proxecto *Facedoras* establece múltiples diálogos:

entre o pasado e o presente, entre a historia da arte e a cultura popular, entre a pintura e a fotografía, entre esta última e a escultura conmemorativa. Outro vínculo palpable é co teatro: lonxe dunha estética naturalista, a iluminación e as poses evidencian o artificio e a teatralidade, son fotografías escenificadas, *tableaux vivants*. Asemade, o proxecto acaba unha vertente etnolóxica.

O prezo de mercado desta peza ascende a 5.000,0 €

MAR CALDAS



AGRICULTORA. SERIE FACEDORAS DO BAIXO MIÑO, 2019

FOTOGRAFÍA DIXITAL. IMPRESIÓN CONTINTAS MINERAIS K3

EDICIÓN 1 DE 5 + 1 P.A.

112 X 165 X 4 CM

COL2022-0010

OFERTA DE COMPRA: 4.400,00 €

OFERTANTE: A ARTISTA

Mar Caldas (Vigo, 1964). A obra *Agricultora* forma parte do proxecto *Facedoras* e da serie *Facedoras do Baixo Miño* (2018-2020).

A muller da fotografía cultiva as súas leiras no Rosal, ao lado do río Tamuxe, e vende o produto do seu labor ás cooperativas agrarias do lugar. A fotografía foi realizada na súa propia leira, na época estival na que estaba facendo a recollida de pementos. Nesta fotografía, máis que unha cita directa a unha obra de

arte, tomouse como referencia a xestualidade corporal das *madonnas* de Botticelli.

As imaxes fotográficas compóñse recollendo o legado da historia da arte. Varias obras de Maruja Mallo foron referencias de primeira orde. É moi salientable o diálogo establecido coa pintora galega, non só por ter retratado a mulleres vigorosas e plenas, en actitudes decididas e firmes; senon porque Mallo adicou unha serie pictórica (*La religión del trabajo*) aos traballos do campo e do mar protagonizada íntegramente por mulleres. E precisamente esta serie foi abocetada en Bueu durante o verán de 1936.

Outro artista galego revisitado de forma moi significativa é Carlos Maside, xa que este pintor representou profusamente á muller traballadora de clase popular realizando distintos labores. Tema escasamente representado polos seus coetáneos e aínda menos como o fixo Maside: dignificando á muller galega e rexeitando a idealización e o pintoresquismo

O prezo de mercado desta peza ascende a 5.000,00 €

DAVID LAMELAS



BRUSSELS 11:30 A.M., 1969

FOTOGRAFÍA A COR, *PASSE-PARTOUT* CON TEXTO IMPRESO

EDICIÓN P.A.

80,8 X 101,4 CM

COL2022-0013

OFERTA DE COMPRA: 15.730,00 €



OFERTANTE: JAN MOT GALLERY (BRUXELAS, BÉLXICA)

BRUSSELS 1:59 P.M., 1969

FOTOGRAFÍA A COR, PASSE-PARTOUT CON TEXTO IMPRESO

EDICIÓN P.A.

80,8 X 101,4 CM

COL2022-0014

OFERTA DE COMPRA: 15.730,00 €

OFERTANTE: JAN MOT GALLERY (BRUXELAS, BÉLXICA)

*BRUSSELS 2:57 P.M.*, 1969

FOTOGRAFÍA A COR, PASSE-PARTOUT CON TEXTO IMPRESO

EDICIÓN P.A.

80,8 X 101,4 CM

COL2022-0015

OFERTA DE COMPRA: 15.730,00 €

OFERTANTE: JAN MOT GALLERY (BRUXELAS, BÉLXICA)

David Lamelas (Bos Aires, Arxentina, 1946). David Lamelas é unha figura clave da arte conceptual e un dos grandes protagonistas da escena artística arxentina na década dos sesenta. Desde os inicios, a súa obra distinguiuse por unha singular capacidade camaleónica para se adaptar a distintos contextos, xa fosen artísticos, arquitectónicos, xeográficos ou sociais.

Brussels (1969) é unha serie que consta de tres fotografías a cor da paisaxe urbana e de marcas de tempo ás 11:30 a.m., á 1:59 p.m. e ás 2:57 p.m.. Estes marcos de tempo indexaron as actividades cotiás da cidade. A falta dunha figura central, Lamelas concéntrase nos detalles urbanos: tráfico motorizado, tendas comerciais, bulevares arbolados, arquitectura ecléctica, ceos grises e peatóns anónimos.


Un entorno urbano típico: a escala dos edificios, os escaparates iluminados, o bullicio da xente e o tráfico. Sínteste como en casa eiquí? Lamelas encargou a un fotógrafo que fotografara a *Place de la Bourse*, os grandes armacéns *Au Bon Marché* e o *National Bank*. Quere que o público reflexione sobre a diferenza entre a percepción a través dunha foto e estar realmente nese lugar en particular nese momento en particular. O artista se pregunta se tendemos a vincular automaticamente nosa propia experiencia e coñecemento a unha imaxe fotográfica.

Na serie *Brussels*, Lamelas adoptou un enfoque similar ao de Amberes, determinando novamente tres lugares principais para ser fotografados na cidade, onde a Wide White Gallery abriu unha sucursal en 1973. Ao mostrar as obras tanto en Amberes en 1969 como logo no novo espacio en Bruxelas en 1973,

Lamelas trasladou Bruxelas a Amberes e Amberes a Bruxelas.

O prezo de mercado de cada peza ascende aos 15.000,00 €

ROLAND FISCHER



CGAC, SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2004

FOTOGRAFÍA C-PRINT DIASEC

EDICIÓN 2/5

166 x 213,5 CM

COL2022-0016

OFERTA DE COMPRA: 16.496,70 €

OFERTANTE: O ARTISTA

Roland Fischer (Saarbrücken, Alemaña, 1958). Cando miramos o mundo, o ollo é o órgano da cognición, e a percepción da arquitectura é unha parte importante da nosa experiencia visual. Como os edificios son utilizados por persoas, crean outra paradoxa básica, a sensación de interior e exterior fora de. A través do medio da fotografía, a forma do mundo visible pódese nos traer dunha maneira directa e sen filtrar. A súa permeabilidade xunto coas posibilidades que brinda a alteración informática aportannos novas opcións para representar fenómenos da realidade.

A obra *CGAC, Santiago de Compostela* (2004), realizada por Fischer na contorna do proxecto global de dez artistas convidados a representar a súa

particular visión de Santiago de Compostela na exposición *Compostela* (CGAC, 2004), está dedicada á primeira arquitectura de Álvaro Siza en España, o CGAC. As distorsións producidas polas superposicións establecen uns novos parámetros e dunha forma moi precisa trasladan ao fotógrafo á perspectiva do cubismo, non tanto como un elemento de análise, senón como un recurso visual que se adquiriu desde a pintura e intégrase nunha percepción cotiá. Mestura a visión interior e a exterior de partes concretas do edificio, evocando unha mirada onírica remarcada polo uso do branco e o negro.

Fischer explora a técnica compositiva dixital que está fundamentada en sobrepoñer e combinar imaxes desde distintas perspectivas creando novas arquitecturas, este mesmo recurso foi empregado no seu proxecto artístico *Kathedralen* (Catedrais). Somete ao edificio a un exame, explorando conceptos como a estrutura, as formas reducidas, o ritmo e a xeometría. A través da transparencia e a transición, logra crear unha terceira realidade que ten que ver co inmaterial e o místico.

Roland Fischer no seu proxecto *Novas Arquitecturas*, unha serie para a cal a obra *CGAC, Santiago de Compostela* (2004) foi a primeira composición que realizou, explora estes fenómenos transformando espazos/estruturas nunha especie de tradición cubista. O resultado é, en certo modo, como unha "terceira" realidade e pode demostrar que incluso na fotografía o significado non está limitado polo que é recoñecible.

O prezo de mercado desta peza ascende aos 20.000,00 €

JAUME PINYA



SERENA, 1992

DEBUXOS SOBRE PAPEL FEITO A MAN, ELABORADOS
CON PINTURA ACRÍLICA E LÁPIS ACUARELA
6 ELEMENTOS DE 37 X 50 X 2,5 CM C/U

COL2022-0017

OFERTA DE COMPRA: 3.300,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA

Jaume Pinya (Soller, Islas Baleares, 1953). As pequenas obras que se presentan en *Serena* (1992), pertencen a un momento da traxectoria de Jaume Pinya, moi reflexivo e meditativo, moi próximo á vivencia directa da natureza (o artista vive nun contorno natural privilexiado en Fornalutx, enclave situado no val de Sóller cun microclima e cuberto por cultivos de laranxeiras). Trátase de obras realizadas no tránsito dos anos oitenta aos noventa do século pasado, momento no que produce numerosas series con cadanseu signo de identidade.

As acuarelas que se mostran nesta peza, forman parte dunha serie titulada *Serena* ("resió" en catalán), que se inícia en 1992 no horto situado enfronte do taller de Jaume Pinya en Sóller, onde linda co primitivo camiño, documentado no século XV, que conduce ao Porto de Sóller e á Serra de Tramuntana de Mallorca. Nos inicios do camiño sitúase un pozo de auga que se utilizaba para consumo humano e a rega agrícola. Nos outonos e invernos a zona é proclive aos rocíos que impregnan de humidade o territorio. O

autor espaxiaba os papeis xunto ao pozo, nos atardeceres, á espera de que a noite deixase escrito o seu paso. As marcas que se depositaban sobre o soporte indicaban pegadas e pequenos camiños que reflectían o paso de insectos e materias orgánicas, debido á humidade que o papel absorbía e retiña. A complexidade azarosa debuxaba sobre o papel rexistros que, tratados con acuarela e pigmentos, revelaban un espazo pictórico singular.

O universo pictórico de Pinya conserva un marcado ton lírico, que non desvincula á obra do inicio da súa carreira poética. Estas pezas de pequeno formato, realizadas nese tránsito de décadas, foron ideadas a partir do conceptual creando unha pintura de marcado carácter poético e intimista.

Esta peza formu parte da exposición colectiva do CGAC, *CAMIÑOS II* (2021-2022).

SANDRA GAMARRA HESHIKI



CRIPOTOMNESIA IV (O EN ALGUNOS MUSEOS NUNCA SALE EL SOL), 2020

ÓLEO SOBRE RECORTES DE PRENSA SOBRE LENZO
120 X 120 X 3 CM

COL2022-0018

OFERTA DE COMPRA: 18.147,58 €

OFERTANTE: GALERÍA 80M2 (LIMA, PERÚ)



CRIPTOMNESIA V (O EN ALGUNOS MUSEOS NUNCA SALE EL SOL), 2020

ÓLEO SOBRE RECORTES DE PRENSA SOBRE LENZO

120 X 120 X 3 CM

COL2022-0019

OFERTA DE COMPRA: 18.147,58 €

OFERTANTE: GALERÍA 80M2 (LIMA, PERÚ)

Sandra Gamarra Heshiki (Lima, Perú, 1972). A "criptomnesia" é unha disfunción da memoria pola cal repetimos accións coma se fosen a primeira vez que as facemos. As obras *Criptomnesia IV* e *Criptomnesia V (o en algunos museos nunca sale el sol)* (2020) forma parte da Serie *Criptomnesia (o en algunos museos nunca sale el sol)* (2015 – 2020) onde a artista retrata a exposición "científica" de obxectos non occidentais en diferentes museos antropolóxicos europeos.

As imaxes que vemos pintadas nesta serie *Criptomnesia* son tomadas de fotografías feitas en museos antropolóxicos. Neles preséntanse obxectos pertencentes a culturas non occidentais, nunha contorna que os espectadores entenderemos como primitivo, localizado no pasado, inamovible. Pero a maioría destas culturas seguiron progresando, talvez de diferente maneira a como desde occidente entendemos o que é o progreso. Nos museos estes

obxectos aparecen apartados e resgardados, protexidos, pero perfectamente visibles.

Enfáticamente sombrías, estas obras de Gamarra Heshiki son de carácter hermético: obxectos enrarecidos conservados pero mantidos na escuridade. Nun xesto antagónico, a artista enmarca a quietude destas vistas do museo coa violencia que nos rodea: nas esquinas do lenzo hai escenas en miniatura tomadas de fotografías de prensa de detencións policiais, centros de detención, trata de persoas, conflitos por recursos naturais e outros episodios recentes na relación entre o Norte e o Sur Global.

Da mesma maneira, as situacións que vemos nos recortes de prensa adheridas ás esquinas das pinturas, onde persoas e obxectos que consideramos alleas ás nosas regras preséntanse illadas por reixas, cristais ou en situacións de confinamento e exposición. A imaxe de prensa carga á imaxe pintada dunha realidade que parece esquiva e ao mesmo tempo a pintura abraza as imaxes de prensa uníndoas nunha soa xenealoxía de narración da otredade.

Destacando o persistente impulso europeo de obxetivar e clasificar aos "outros", a súa composición agrega unha nova dimensión á "criptomnesia", o termo para unha disfunción da memoria que leva a unha persoa a repetir unha acción mentres pensa que está a facer algo novo. Nesta constelación de obras, Gamarra Heshiki revela a xeopolítica dun mundo aínda moldeado pola matriz colonial.

Estas obras formaron parte da exposición itinerante *SANDRA GAMARRA HESHIKI. BUEN GOBIERNO*, cuxo proxecto partiu da Sala Alcalá 31 (Madrid). Estas pezas formaron tamén tandem coas obras doadas pola artista *Expositor III e IV* (2021) que foron tamén mostradas na devandita exposición no CGAC.

O prezo de mercado de cada peza ascende aos 20.000,00 €

ÁNGEL CERVIÑO



VALOR DE CAMBIO, 2003

ÓLEO SOBRE LENZO

195 X 162 CM

COL2022-0020

OFERTA DE COMPRA: 8.800,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA


Ángel Cerviño (Lezoce, Lugo, 1956). A obra *Valor de cambio* (2003), pertence á serie *VALOR DE CAMBIO*, realizada entre os anos 2000-2010, pero cuxos ecos e ramificacións conceptuais propáganse de diferentes maneiras noutras series anteriores e posteriores, conformando o núcleo central ou a columna vertebral dun dos períodos máis significativos da produción deste artista.

A serie explora as lindes e movedizas fronteiras entre a creación artística e a actividade mercantil na chamada 2ª Idade do Espectáculo: aquela en que a ubicuidade das representacións ocupa a totalidade do espazo-mundo. Aquí parece cumprirse, dalgunha forma perversa e investida, a vontade utópica das vangardas históricas: a (con)fusión definitiva de vida e espectáculo, e xa nada escapa á bulimia omnívora da mercadoría e as súas cambiantes máscaras. O Sistema da arte corre o perigo de verse así subsumido como unha rama máis da industria do entretemento, e ofrecerse como porta aberta á

definitiva sacralización do fetichismo da mercadoría. A aditiva inmediatez estímulo-resposta é o motor do xogo. O distanciamento temporal entre estímulo e resposta acúrtase infinitesimalmente e isto, entre outras moitas consecuencias, supón un enfraquecemento da posición do suxeito que agora, en nome dunha interacción efectiva, vese obrigado a reducir drasticamente o seu tempo de reacción para adecualo á simultaneidade do acontecemento predirixido.

O Proxecto *VALOR DE CAMBIO* propónse explorar os límites e o limiar de resistencia de conceptos como Mercadoría / Arte / Espectáculo / Patrocinio / Mecenado, no contexto específico das prácticas artísticas contemporáneas. Trátase de arriscar nas formulacións, levándoos ao extremo para facer aflorar os substratos ideolóxicos da cotidianeidade: a posta en abismo e o desvelamento dunhas convencións, quizá por invisibles máis difíciles de subverter.

SABINE FINKENAUER



CONJUNTO DE 8 DIBUJOS. SERIE MARCOS, 2020

PASTEL AO ÓLEO SOBRE PAPEL

8 ELEMENTOS DE 70 X 55 X 5 CM C/U

COL2022-0022

OFERTA DE COMPRA: 10.890,00 €

OFERTANTE: GALERÍA TRINTA ARTE

CONTEMPORÁNEA (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Sabine Finkenauer (Rockenhausen, Alemaña, 1961). Nas súas últimas exposicións centrouse en aspectos arquitectónicos, aparentemente máis hedonistas e formais, e deixou atrás un lado que mesmo podería

considerarse romántico polas súas temáticas (relacionadas coa natureza, a infancia e os sentimentos), aínda que non por un ton alegre e luminoso que é excepcional na arte actual. Ese ton mantense na súa obra recente e podemos crer que anticipa, que prefigura unha arte e un futuro diferente, xa libre da covardía posmoderna e das vellas escusas do nihilismo.

Na obra *Conjunto de 8 dibujos* (2020), pertencente á Serie *MARCOS* (2020), hai un certo aire de xeometría desinhibida e un formalismo delicado no paciente quefacer de Sabine Finkenauer, creadora que lembra aquilo da percepción distraída de Benjamin. Unha artista da que sempre conmocionan as súas peles de cor e tramas, sendo eiquí unha sorte de conxunto de papeis vistos que se descolgan das esquinas, case derramándose, parecendo entón que portan un aire de composición firme máis con tentativa de leve, á maneira dun reloxo brando daliniano, sendo mostradas desde as paredes pero cun pliegue coma se evidenciasen querenza por acariñar a terra ou ben asomarse a un surrealizante outro lado.

Tal se buscasse a emancipación da pintura, é posible achar a súa obra en frecuente mención do nivel ou o muro utilizando nas súas creacións linguaxes entre as cales a rede, a estrutura ou a trama, a superposición de liñas xeradoras de espazos, e os devanditos novos territorios distribuídos pola cor, acaban sendo elementos frecuentados. Foi Finkenauer nos seus comezos pintora-pintora, quizais sempre o fora esta herdeira pictórica dun certo aire carnal dos lenzos de Philip Guston, aquelas obras de finais dos noventa por ela chamadas *Dress*, *Figure* ou *Child*. Pinturas desenvolvidas con aspecto de groso empaste que desvelaban a presenza dunha creadora que lembraba a certas actitudes románticas de puro expresionismo abstracto.

SOLEDAD CÓRDOBA



RITO XVIII #1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 2019

POLÍPTICO. FOTOGRAFÍA. TINTAS PIGMENTADAS EN PAPEL BARITADO SOBRE DIBOND

EDICIÓN 1/5

9 ELEMENTOS DE 33,3 X 50 X 3 CM C/U

COL2022-0036

OFERTA DE COMPRA: 7.260,00 €

OFERTANTE: GALERÍA MORET ART (A CORUÑA)

Soledad Córdoba (Avilés, 1977). As pezas nomeadas *Rito* de Soledad Córdoba –onde se encadra a o políptico *Rito XVIII # 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9* (2019)– conforman parte do *corpus* do seu proxecto fotográfico *Trilogía del alma. Trascendencia* no que a autora realiza un percorrido por desertos americanos, pois atopa neles o “*lugar propicio para a revelación, para a trascendencia*”, en palabras de Zara Fernández de Moya, quen foi comisaria do proxecto.

Trilogía del alma foi un proxecto multidisciplinar de grande envergadura conformado por tres partes ou movementos: *Trascendencia*, *Purificación* e *Renacemento*. En palabras da propia autora: “*Trilogía del alma é unha viaxe da alma onde chamanas, magas, iniciadas, peregrinas e guerreiras son necesarias, son as guías nesta viaxe. A través delas se depositan as infinitas cuestións da alma, a través delas se experimentan os estados da alma*”.

Córdoba sostén que a alma ten seis estados: resistencia, sacrificio, desprendimento, transcendencia, purificación e renacemento. O inconmensurable, o desierto abismal, é contemplado e habitado por un sentimento ambivalente de angustia e gozo. A consciencia da superioridade da natureza levaría á artista a preguntarse polos enigmas primordiais, polos estados da alma xa explorados en *Devastación y Resistencia*, proxecto anterior que foi o xerme desta *Trilogía del alma*.

Nesta primeira parte ou movemento da triloxía presentada, o espectador pode disfrutar de imaxes fotográficas nas que, como sostén Fernández de Moya, "*seu corpo de muller —elemento central de toda a súa obra— se funde co deserto como organismo animado*" nunha serie de ritos e accións, que seguen a liña da súa produción baseada en procesos performativos, nos que gravitan símbolos que configuran a súa mitoloxía persoal: a pedra, as cordas, o velo negro, ou a rosa negra.

Elementos da súa exploración espiritual que conectan co inefable e o intanxible, e que invítannos a penetrar nos abismos do inconsciente, das grandes revelacións, pero tamén, como apuntara José Jiménez, no seu proceso consciente de superación persoal, pois todos eles son símbolos dunha mesma metáfora: as ataduras dunha realidade que a artista espera trascender.

O prezo de mercado desta peza ascende a 8.000 €

SUSO BASTERRECHEA



BEUYS LIEBRE BASELITZ STYLE, 2020

TÉCNICA MIXTA SOBRE PAPEL

100 X 70 CM

COL2022-0037

OFERTA DE COMPRA: 774,40 €

OFERTANTE: GALERÍA METRO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Suso Basterrechea (Ferrol, 1968). Ao redor do 2005 e como consecuencia de distintos estímulos, Basterrechea decide empezar a traballar cunha técnica máis inmediata, que lle xera ademais unha maior liberdade e unha menor dependencia de factores que dalgunha maneira levaban un tempo limitando o seu traballo. O debuxo é dalgunha maneira o procedemento máis natural para este artista. Está fortemente asociado á súa formación e mesmo nese momento era unha materia que Basterrechea impartía como profesor nun bacharelato artístico. Todo isto, así como as prácticas ás que se habituaba durante anos como escultor condicionaron a natureza desta obra gráfica. Debuxos tratados individualmente e con sentido pleno en si mesmos, pero pensados para relacionarse entre eles, formando instalacións que potencian os seus valores conceptuais e formais.

A relación entre a obra e a vida, o seu activismo, colocou nun momento determinado a Joseph Beuys como un modelo interesante. Por todo o que sinalado anteriormente parece fácil de entender o seu interese polo autor alemán. Ese, en certa maneira, maxisterio pola súa forma de actuar na arte fai que Basterrechea decida utilizalo nun primeiro momento no seu regreso ao debuxo. É un tema que continua ata o de agora, aínda que moi matizado.

En *BEUYS LIEBRE BASELITZ STYLE* (2020), a acción na que ensina arte a unha lebre morta permítelle atopar unha metáfora moi oportuna nese momento, de crise, da súa traxectoria. Empeza a traballar cunha especie de alter ego, unha figura humana con orellas de coello, que se atopa orfa de referentes. Situación que, partindo das súas referencias persoais, antóllase oportuna para de maneira xeral aplicar ao conxunto da práctica artística na nosa sociedade. O citado personaxe atópase solitario e como en situación de esperar algo.

A citada serie recibe varios enunciados. *"Por que ya no me hablas Joseph?"*, *"Esperando por Joseph"* ou *"Todo orejas para Beuys"*. No 2005 xa presenta baixo a primeira denominación unha exposición en Ferrol. Nun primeiro momento os debuxos non inclúen texto de maneira explícita (aínda que posteriormente incorpóralo a varias obras do devandito período) aínda que ese aspecto, chamémoslle literario, leva tempo sendo certamente relevante no seu traballo. A imaxe en solitario preséntaselle en moitas ocasións como demasiado rotunda. Isto pode resultar especialmente relevante en Beuys polo seu carácter excesivo e mesiánico. A súa forma de abordar ao citado autor vai derivando co tempo a unha pequena homenaxe irónica. Basterrechea non ten a confianza, a seguridade de Joseph, así que decide xogar con algunhas das súas iconas ou citas. O resultado ao seu entender resulta dun humor


melancólico o cal se axusta moi ben ao seu carácter. *"Conejo vivo aprende más que liebre muerta"* ou *"La revolución NON siamo noi"* son algúns exemplos do comentado.

O feito de abordar temas de carácter político e social lle predispón de maneira clara en contra de calquera tipo de adoctrinamento. Como indicaba Raymond Pettibon *"...o posicionamento dos meus debuxos non ten que corresponderse necesariamente co meu."* Esta é unha cuestión que coida especialmente, xa que Basterrechea participa tamén de maneira activa no campo político.

Algunhas das iconas habituais do artista alemán son revisados con máis ou menos rigor. Certamente a pretensión non é realizar un relato ou unha homenaxe ao uso. A forte mistificación que xera o citado autor convérteo nun modelo especialmente oportuno para traballar tendo en conta os parámetros da obra de Basterrechea. Conceptos como escultura ou plástica social contrapóñense a termos utilizados con frecuencia en arte como pode ser obra pública.

O prezo de mercado desta peza ascende a 1.000,00 €

SUSO BASTERRECHEA



KIPPENBERGUER CASTIGO, 2006
TÉCNICA MIXTA SOBRE PAPEL
112 X 76 CM

COL2022-0038

OFERTA DE COMPRA: 774,40 €

OFERTANTE: GALERÍA METRO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Suso Basterrechea (Ferrol, 1968). *A ARTE CONTEMPORÁNEA É UN CASTIGO*. Unha frase que Basterrechea escoitou á saída dunha exposición. “*A arte contemporánea é un castigo*”. O certo é que ten unha boa parte de verdade. Na plástica dos nosos tempos, como en xeral na de calquera época, hai boas doses de crueldade, de sadismo ou de sufrimento. Moitas son as imáxes que podemos atoparnos neste sentido: *performances*, pintura, fotografía e por suposto escultura, están cargadas de dor.

Na serie á que pertence *KIPPENBERGUER CASTIGO* (2006), Basterrechea recolle algunhas pezas, fundamentalmente de carácter tridimensional, de varios artistas e que ben poderían considerarse como unha tortura. Kippenberguer –a peza que nos ocupa–, Juan Muñoz, Louise Bourgeois ou Antony Gormley entre outros, teñen un lugar aquí. Un reflexo da sociedade, ou realmente a arte ten unha especial tendencia cara a estes aspectos?. Seguramente será verdade algo dos dous aspectos. O castigo como forma de expresión.

Realmente este esforzo por agrupar os traballos en series responde a unha cuestión didáctica que non se corresponde coa realidade. Todo é bastante máis natural e as series (estas e outras) conflúen no tempo e non se manifestan como compartimentos estancos. Todo o contrario, as series sempre se mesturan positivamente e as relacións que xorden entre elas son moito máis ricas que entre pezas de similar contido temático.

Como xa se pode adiviñar, cada debuxo ten un sentido, é unha obra en si mesmo, non obstante

están concibidos para relacionarse entre eles e coa contorna. O método de traballo máis habitual de Basterrechea é a acumulación, pero tamén pode funcionar en forma completamente contraria, é dicir, mediante o vacío. A forza inherente a cada obra pode proporcionarlle a capacidade de encher espazos grandes, especialmente combinado con outros elementos. Nalgunhas ocasións os elementos expositivos convértense en pezas escultóricas.

En palabras clarificadoras do crítico de arte Xosé Manuel Lens: *O debuxo transita polo valioso camiño da incerteza. É un axuste intuitivo xunto a un tempo preciso, é primeira mirada e sentido lóxico que nace do propio corpo, case a modo de prolongación orgánica. Esa dinámica de control estrito e linguaxe pegada á experiencia palpita firme detrás desta disciplina, que concita toda a enerxía do proceso e preséntase, especialmente desde os anos noventa, como o pilar esencial da creación contemporánea. Toda esa intención inevitablemente corporal, vivencial, móvese desde a referencia biográfica e contextual, e comporta os máximos expoñentes de esixencia, de responsabilidade. Ese modo de proceder, pegado á man, ao ritmo do proxecto pensado, ao exercicio coherente, é o que vén desenvolvendo Suso Basterrechea na súa xa prolífica traxectoria, afastado das modas e de amplo percorrido.*

Verdugos fronte a vítimas, non sempre está claro o papel de cada un.

O prezo de mercado desta peza ascende a 1.000,00 €

ANGELA DE LA CRUZ



ASHAMED, 1995

ÓLEO SOBRE LENZO

32 X 24,5 X 5 CM

COL2021-0036

OFERTA DE DOAZÓN: 55.000,00 €

OFERTANTE: STUART TAYLOR (LONDRES, REINO UNIDO)

Esta obra entrou a formar parte da Colección CGAC no ano 2021 a través dunha doazón directa do Sr. Stuart Taylor (Londres) e por mediación da propia Angela de la Cruz. Ao tratarse dunha doazón de obra extracomunitaria, tivemos realizar o transporte e a importación definitiva/nacionalización da obra, o cal supuxo un custo final de 15.084,45 € a cargo do orzamento de compras do CGAC de 2022.

Angela de la Cruz (A Coruña, 1965). *Ashamed* pode considerarse a obra máis crucial de Angela da Cruz, xa que foi esta obra a que deu orixe á súa linguaxe como artista. A peza foi realizada despois da morte do seu pai e tamén é a primeira obra que vendeu. Angela da Cruz foi convidada a expoñer na exhibición colectiva *Memory* nos Riverside Studios de Londres sobre a guerra de Iugoslavia en 1995 cando aínda era estudante no Slade School of Art (University Colleague, Londres). Mentres se preparaba para a instalación da súa obra, deuse conta de que os

demáis artistas xa tomaran todas as paredes principais do espazo expositivo, polo que decidiu elixir un recuncho e por tanto un novo lugar no espazo ofrecido. Foi a primeira vez que Angela cortou o lenzo —para encaixar a obra no espazo)—, utilizando a pintura amarela en tea de rafia e rachándoa pola metade. Colgou a peza na esquina elixida entre dúas paredes e a obra converteuse nun obxecto animado, aínda que conservando todas as características dunha pintura, polo que, aínda que esta pintura ten unha calidade de obxecto, é esencialmente unha pintura.

Ashamed inaugurou o enfoque de Angela da Cruz e a súa serie máis importante *Everyday Paintings*, 1995-1999. Nesta serie, a artista inflixiu innumerables golpes ao plano pictórico, desde cortes ou picadas no lenzo ata a fractura do marco de madeira, marcando a brutalidade destes xestos para facerse eco da violencia da vida cotiá.

ANTÓN LAMAZARES



2022... ¡LAXEIRO!, 2022

ÓLEO SOBRE TÁBOA

EDICIÓN ÚNICA

139,5 X 108,5 X 5,7 CM

COL2022-0035

OFERTA DE COMPRA: 16.498,90 €

OFERTANTE: O ARTISTA

Esta obra foi adquirida pola Dirección Xeral de Cultura (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) a Antón Lamazares con motivo da exposición itinerante polo Centenario de Laxeiro que tivo lugar en Lalín en setembro de 2022, cun platexamento de itinerancia a Madrid e ao Museo Gaiás (Santiago de Compostela). No momento da adquisición a obra foi integrada directamente para a Colección CGAC. O prezo de mercado desta peza ascende aos 30.000,00 €

Antón Lamazares (Maceira, Pontevedra, 1954). A pintoescritura desenvolvida con aire de sucesos nun espazo de emerxencia, un territorio acotado. Aló sucede a acción artística, onde parecería revelarse a mudez de Lamazares, aló a inscrición de palabras no soporte, portador quizáis dun misterioso poder escapado desa noite onde *viaxea* a luna nos seus cambios de rasante. Vai de país en país coas súas pinturas Antón, na noite sagrada ao Hölderlin, un espazo entreaberto no obscuro coma se, verdadeiro, ese fora o lugar do segredo combate, sen mediación. Atopándose un sí mesmo dividido entre gravidade e exaltación, aquel desdoblamiento indefinido do ser entre ou a través do día e a compasiva noite, como o deslizamento hacia unha violencia espida que, entón, revélase as palabras que *escoita*, desde unha estrana vontade iluminada.

Textos do Alfabeto Delfín ao parecer pertencentes a un *liber* que, recomposto desde rescoldos místicos, fóra o *liber* esencial que Antón achou ao final dun larguísimos camiño. Si, aquí clámase a un silencio rumoroso. Acompañada a pintura ao parecer de, alaranxada, a tebra dun detido discurso. Nada estraña, esta construción do contemporáneo desde a creación dunha linguaxe que, sendo nova, parece remitir a un descoñecido e pasado rastro, como unha continuidade que non cesase e fose revelada por quen semella coñecer unha verdade expresable mais extinta.

Lamazares creou unha linguaxe de equivalencias que lle é propia, alfabeto traducible, emporiso ás veces sometido ao shakesperiano "*vedes, non hai nada aí, mais vexo todo o que hai*", noutras ocasións a letra desprazada a unha certa descomposición, como quen escribise e cesase, pois certas desas notacións gráficas que inscribe Lamazares son rompentes do soporte, como quen fundiu en exceso o punzón, tal se as palabras lle queimase nas mans. Petróglifo do cartón-niño-de-abella, palabra incinerada, saeta de lume que en ocasións fará desaparecer o verbo creado, entón devidos case ilexibles os signos do seu *Alfabeto Delfín*, convertida a pintura máis ben no espazo de acontecementos pictóricos. E algunhas palabras traspasadas conflúen entón no reino do buraco, a oquidade, aquela secular tentativa de procura da dimensión perdida, os foxos infinitos de misterio referidos por Millares, a fenda da navalla ou os buracos de Fontana. Así, Lamazares erixe a desposesión, non a plenitude incerta do plano pictórico senón, máis ben, o buraco e a fondura, a esgazadura dunha carencia, como o espazo dun anhelante extravío no seu azogue de cartón. As preguntas de Hamlet e Gertrudis que antes se mencionaron: "*non ves nada aí*", e a resposta desta: "*Non, nada de nada, aínda que vexo todo o que hai*". Ao cabo, o *Alfabeto Delfín* devén escritura a descifrar, un aparello de significar, lembrando agora o nacemento e conclusión das artes niso que Octavio Paz chamaba unha zona invisible.

Así pois, escribe Lamazares un nome nese cartón de atardecer alaranxado, ensalzando ao mestre cunha sorte de significados que ben puideran mesturar ledicia e dor, recordo e esquecemento, homenaxe e presenza atemporal.

DOAZÓNS COLECCIÓN CGAC 2022
(TOTAL DOAZÓNS = 190.300,00 €)

MAR CALDAS



REGATEIRAS. SERIE FACEDORAS DE BUEU, 2017
FOTOGRAFÍA DIXITAL. IMPRESIÓN CON TINTAS
MINERAIS K3
EDICIÓN 1 DE 5 + 1 P.A.
118 X 112 X 4 CM
COL2022-0011
OFERTA DE DOAZÓN: 4.500,00 €
OFERTANTE: A ARTISTA



COSTUREIRA. SERIE FACEDORAS DE BUEU, 2017
FOTOGRAFÍA DIXITAL. IMPRESIÓN CON TINTAS
MINERAIS K3
EDICIÓN 1 DE 5 + 1 P.A.
176 X 112 X 4 CM
COL2022-0012

OFERTA DE DOAZÓN: 4.500,00 €
OFERTANTE: A ARTISTA

Mar Caldas (Vigo, 1964). As obras *Regateiras* e *Costureira* forman parte do proxecto *Facedoras* e da serie *Facedoras de Bueu* (2017-2018). Co termo "facedoras de" faise unha dobre alusión: ao feito de que son traballadoras dun determinado lugar, e a que co seu facer contribúen a construír a súa localidade.

Na fotografía *Regateiras*, as dúas vendedoras de peixe posan coa ropa de traballo que utilizan no mercado de abastos. A fotografía foi realizada no paseo da praia da Banda do Río coa enseada de Bueu ao fondo. A posición das figuras sobre un muro, as eleva e proporcionálles monumentalidade.

Na fotografía *Costureira*, a muller posa coa súa máquina de coser nun camiño perto da súa casa (domicilio e máis taller). A súa mirada frontal, o seu porte e máis o punto de vista da cámara, enaltecen á muller.

A composición das imaxes fotográficas do proxecto *Facedoras* parte do legado da historia da arte, sobre todo da pintura. As referencias a obras da tradición artística ás veces son directas e outras son alusións máis ou menos veladas. As citas adoitan ser acenos ou homenaxes, mas tamén nalgún caso emprégase a estratexia de *détournement*. No caso de *Regateiras* trátase dunha homenaxe á Maruja Mallo e á súa serie pictórica *La religión del trabajo*, en concreto á obra *Figuras*. É moi salientable o diálogo establecido coa pintora galega, non só por ela ter retratado a mulleres vigorosas e plenas, en actitudes decididas e firmes; senón porque Mallo adicou a serie *La religión del trabajo* aos traballos do campo e do mar protagonizada integramente por mulleres. E precisamente esa serie foi bosquexada en Bueu durante o verán de 1936 e levada a lenzo pouco

despois, xa no exilio americano. No caso de *Costureira*, trátase dunha alusión a *Mujer con sombrilla de Monet*.

A interacción é un elemento fundamental do proxecto. Prodúcese encontros coas protagonistas nos que se lles explica o que se pretende facer, convérsase sobre o traballo que desenvolven, valóranse conxuntamente as localizacións e amósanselle bosquexos. A miúdo contribúen a elección do atrezzo: roupa e ferramentas de traballo, obxectos ou animais que formarán parte da toma.

ÁNGEL CERVIÑO



PRIME TIME, 2004

TÉCNICA MIXTA SOBRE LENZO

195 X 162 CM

COL2022-0021

OFERTA DE DOAZÓN: 9.000,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA

Ángel Cerviño (Lezoce, Lugo, 1956). A obra *PRIME TIME* (2004), pertence á Serie *VALOR DE CAMBIO*, realizada entre os anos 2000-2010, pero cuxos ecos e ramificacións conceptuais propáganse de diferentes maneiras noutras series anteriores e posteriores, conformando o núcleo central ou a columna vertebral dun dos períodos máis significativos da produción deste artista.

A serie explora as lindes e movedizas fronteiras

entre a creación artística e a actividade mercantil na chamada 2ª Idade do Espectáculo: aquela en que a ubicuidade das representacións ocupa a totalidade do espazo-mundo. Aquí parece cumprirse, dalgunha forma perversa e investida, a vontade utópica das vangardas históricas: a (con)fusión definitiva de vida e espectáculo, e xa nada escapa á bulimia omnívora da mercadoría e as súas cambiantes máscaras. O Sistema da arte corre o perigo de verse así subsumido como unha rama máis da industria do entretemento, e ofrecerse como porta aberta á definitiva sacralización do fetichismo da mercadoría. A aditiva inmediatez estímulo-resposta é o motor do xogo. O distanciamento temporal entre estímulo e resposta acúrtase infinitesimalmente e isto, entre outras moitas consecuencias, supón un enfraquecemento da posición do suxeito que agora, en nome dunha interacción efectiva, vese obrigado a reducir drasticamente o seu tempo de reacción para adecualo á simultaneidade do acontecemento predirixido.

O Proxecto *VALOR DE CAMBIO* propónse explorar os límites e o limiar de resistencia de conceptos como Mercadoría / Arte / Espectáculo / Patrocinio / Mecenado, no contexto específico das prácticas artísticas contemporáneas. Trátase de arriscar nas formulacións, levándoos ao extremo para facer aflorar os substratos ideolóxicos da cotidianeidade: a posta en abismo e o desvelamento dunhas convencións, quizá por invisibles máis difíciles de subverter.

VV.AA.



VV.OO., 1999-2000

LITOGRAFÍA SOBRE PAPEL GVARRO E 2
CATÁLOGOS RAZOADOS. EDICIONES POLÍGRAFA, ED.
ALTAYA Y PLANETA DEAGOSTINI
SERIE DE 1.000
40 ELEMENTOS DE 45 X 32 CM C/U
COL2022-0023
OFERTA DE DOAZÓN: 1.000,00 €
OFERTANTE: DOAZÓN DA COLECCIÓN JOSÉ
ANTONIO IGLESIAS CASTELAO

Carpeta completa con 40 litografías realizadas en exclusiva por cada artista para a Colección Galería de Arte Contemporáneo. Foron realizadas por Ediciones Polígrafa e publicadas por Editorial Altaya e Planeta DeAgostini en 1999 como carpetas coleccionables en edición limitada numerada da serie A á F de 1000 exemplares cada unha sobre pape ARTE da casa GVARRO, asinados en plancha e numerados a man por cada artista a lápis.

A Colección foi editada en 1999 por Ediciones Polígrafa e as súas litografías foron realizadas en exclusiva para Galería de Arte Contemporáneo (editorial Altaya e Planeta DeAgostini). As planchas para realizar as impresións foron inutilizadas ao rematar a edición ante o notario de Barcelona, D. Antonio Roselló Mestre, según acta número 2191/2000 de data 16 de maio de 2000.

Cada obra leva o seu propio certificado de autenticidade expedido e asinado polos Consejeros Delegados de Ediciones Altaya, Roberto Altarriba, e Planeta DeAgostini, Carlos Fernández, acompañando a colección un fascículo con información por cada artista e obra, estando estos reunidos nun total de 2 tomos a modo de catálogo razoado. A carpeta contén obras dos máis importantes artistas contemporáneos españois, tales como: Eduardo Chillida, Miquel Barceló, Antoni Tàpies, Eduardo Arroyo, Juan Genovés, J. Hernández Pijuan, Antonio López, Manolo Valdés, Martín Chirino, Rafael Canogar, Darío Villalba, Jorge Castillo, Carmen Calvo, Xavier Mariscal, José Manuel Broto, Josep Guinovart, Luis Gordillo, Arranz Bravo, A. Ràfols-Casamada, Ángeles Marco, Lluís Lleó, Miquel Navarro, Josep Uclés, Andrés Nagel, Frederic Amat, Robert Llimós, Sergi Aguilar, Daniel Quintero, Zush, Antón Lamzares, Francisco Leiro, Juan José Aquerreta, Aramis Ney, José María Subirachs, Riera i Aragó, Alfons Borrell, Andreu Alfaro, Eva Lootz, Joan Cardells e José María Mezquita.

HAMISH FULTON



BUTTERFLIES IN THE BREEZE, 2021

FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO, IMPRESIÓN EN
XELATINA DE PRATA
EDICIÓN UNICA
99,5 X 79 X 4 CM

COL2022-0024

OFERTA DE DOAZÓN: 30.000,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA



IN THE DIRECTION OF THREE SMALL HILLS, 2021

FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO, IMPRESIÓN EN XELATINA DE PRATA

EDICIÓN UNICA

82 X 99 X 4 CM

COL2022-0025

OFERTA DE DOAZÓN: 30.000,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA

Hamish Fulton (Londres, Reino Unido, 1946). *Butterflies in the Breeze* (2021) e *In the Direction of Three Small Hills* (2021) enmárcase dentro do proxecto de Hamish Fulton que leva por nome *O artista camiñante*. É un percorrido do Camiño de Santiago, partindo desde Finisterre, en dirección a Compostela, e a súa continuación cara a Pamplona, Roncesvalles ata chegar a Hendaia.

A experiencia espiritual da viaxe e a relación entre paisaxe, individuo e toma fotográfica eríxense como bases fundamentais do seu traballo. Achéganos á natureza de maneira conceptual, por medio de imaxes da paisaxe que vai atravesando, converténdose este nun elemento de meditación.


Busca transmitir a sensación que lle despertaron os elementos atopados na súa camiñada. Con todo, non hai ningunha manipulación da paisaxe e da contorna,

na súa defensa da natureza, Fulton só transita coa súa mirada atenta a todo o que lle rodea sen intervir. Reivindica así, a experiencia directa do camiñante como ferramenta de salvación da humanidade: quere provocar no espectador unha mirada crítica da contorna e os ecosistemas ameazados.

Hamish Fulton leva desde 1969 realizando camiñadas por distintos lugares do planeta: percorrendo a península Ibérica, visitando case toda Europa, Canadá, Estados Unidos e Australia, e camiñando polas montañas da India e do Nepal, entre outros lugares.

Estas dúas obras mostráronse, xunto con outras obras do proxecto realizado expresamente, cunha selección de imaxes procedentes doutros proxectos desenvolvidos en España, unha serie de proxectos internacionais e por primeira vez todo o conxunto de obra seriada producida por Hamish Fulton ao longo da súa traxectoria artística. Ambas pezas son parte do proxecto co-producido entre o CGAC e o MUN (Pamplona), *HAMISH FULTON. WALKING EAST* (2021-2022).

JOSÉ ROSELLÓ VALLE



SEN TÍTULO, 2006-2012

PINTURA ACRÍLICA SOBRE PAPEL

17 ELEMENTOS DE VARIAS MEDIDAS

COL2022-0026

OFERTA DE DOAZÓN: 8.500,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA



SEN TÍTULO, 2013-2019

PINTURA ACRÍLICA SOBRE PAPEL

33 ELEMENTOS DE VARIAS MEDIDAS

COL2022-0027

OFERTA DE DOAZÓN: 16.500,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA

José Roselló Valle (Valencia, 1933 – Pontevedra, 2022). As obras que compón *Sen título* (2006-2012) e *Sen título* (2013-2019), conforman unha carpeta artística onde a particular visión artística de Roselló ten a súa linguaxe expresiva máxima, rememorando ás vangardas dos inicios do século XX, a esas formas xeométricas curvas e elipses onde a cor era o máximo exponente visual da composición, lembrando a esas figuras expresivas de Sonia Delaunay e incluso ao Cubofuturismo de Natalia Gontcharova. Eso si, fuxindo da arte contemporánea da contorna e das expresións de hoxe.

En palabras do propio Roselló:

A formación artística actual non é a que foi nun pasado non demasiado afastado. As novas tecnoloxías liberaron aos artistas actuais, no sentido de que xa non teñen que centrarse en adquirir habilidades manuais -hoxe non se lles esixe, como outrora, que sexan uns expertos no manexo do pincel ou o cincel-, podendo dedicar toda a súa atención ao proceso artístico... É isto bo para o artista de hoxe? Ten suficiente preparación para abordar con éxito esta actividade procesual? Por outra banda, que sabe das

técnicas utilizadas na pintura? Que sabe das cores e do seu comportamento?...

Hoxe vaise ao comercio e cómprase unhas acuarelas, unhas acrílicas ou uns tubos de óleo e, a pintar! .

O artista pensa en imaxes e, por moito que avanza a tecnoloxía, aínda non se inventou a máquina capaz de traducir en imaxes aquelas que están na mente do artista. Cómo materializar estas ideas visualizándoas se non aprendeu a trazar? Este problema sen solución inmediata "apárcase" -como a noz verde da fábula de Samaniego-, e óptase pola maneira máis cómoda: nutríndose das imaxes que poida ofrecer a teoloxía e, substituíndo así, á falta de imaxinación creadora. Se privatiza a apropiación, o plaxio, e a manipulación de imaxes que crearon outros. Por qué o empeño de admitir como arte, pobres imaxes que evidencian a infecundidade creadora dos seus autores?

Baixo o paraugas das vangardas -un século despois-, aínda seguen acolléndose manifestacións, máis ou menos artísticas, que xa deron de se canto podían dar.

A linguaxe da imaxe, a facultade de debuxar, é inherente á condición humana. Desde esta premisa, Roselló desenvolveu a súa teoría sobre a autoexpresión gráfica como medio de comunicación e a importancia do respecto e estímulo da creatividade persoal. A súa obra trata de achegarnos aos conceptos de debuxo e deseño e de resaltar a importancia da comunicación visual.

Nas súas obras pódense desentrañar diversos conceptos: linguaxe gráfica-plástica, deseño, arte, mensaxe, etc. Trazos firmes dun experto nunha variedade de cores vividas, onde se define e delimita o concepto "debuxo" e explícanse cales son todos os elementos que interveñen na imaxe gráfica.

SUSO FANDIÑO



AZUL, 2021

INSTALACIÓN. NEÓN

175 X 400 X 0,58 CM

COL2022-0029

OFERTA DE DOAZÓN: 6.000,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA



ROJO, 2021

INSTALACIÓN. NEÓN

175 X 400 X 0,58 CM

COL2022-0028

OFERTA DE DOAZÓN: 6.000,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA

Suso Fandiño (Santiago de Compostela, 1971). Suso Fandiño na súa exposición monográfica *Suso Fandiño. Wunderkammer* –cámara de marabillas ou gabinete de curiosidades– mostrou esta obra *Rojo* (2021) afrontada á súa parella *Azul* (2021). A idea dos gabinetes de curiosidades ou “habitacións das marabillas”, unha serie de espazos nos que, a partir do Renacemento, nobres, reis ou burgueses reunían as súas coleccións, nas que as obras de arte convivían

con obxectos de exóticos, constitúe un dos puntos de partida da exposición e tamén, por asociación, desta obra. *Rojo*, en contraposición ao seu significado, é un neón de grande dimensións que emite unha cor azul e, enfrente del está *Azul*, outro neon de iguais dimensións que emite unha luz vermella.

A política de bandos, a loita dos exércitos que se encontran, subxace baixo os neons que conforman as obras *Rojo* e *Azul*, combinados nunha grande instalación *site-specific* na que a luz xoga un papel primordial para introducir ao espectador na dinámica do xogo dos extremos. Con esta instalación Fandiño crea un texto para ser visto e non para ser lido, que fala da bipolaridade e do doado que resulta caer na ilusión dos opostos. Unha lectura política que sinala a necesidade de atopar os tons intermedios. O artista cita a obra conceptual de Joseph Kosuth *Five Words in Orange Neon* (1965) –*Cinco palabras en Neon laranxa*– para reflexionar sobre a fragilidade das nosas certezas a partir de imaxes que non se corresponden co que lemos.

Estas obras formaron parte da recente exposición no CGAC *Wunderkammer*, do artista Suso Fandiño.

SANDRA GAMARRA HESHIKI



EXPOSITOR III, 2021

INSTALACIÓN. VITRINA CON ESPELLO, BASE DE MADEIRA, PINTURA AO ÓLEO SONRE PINTURA ESPELLADA E CRISTAL

210 X 163 X 96 CM

COL2022-0030



OFERTA DE DOAZÓN: 30.000,00 €

OFERTANTE: A ARTISTA

EXPOSITOR IV, 2021

ACCIÓN. VITRINA CON ESPELLO, BASE DE MADEIRA, PINTURA AO ÓLEO SONRE PINTURA ESPELLADA E CRISTAL

210 X 163 X 96 CM

COL2022-0031

OFERTA DE DOAZÓN: 30.000,00 €

OFERTANTE: A ARTISTA

Sandra Gamarra Heshiki (Lima, Perú, 1972). *Expositor III* y *Expositor IV* forman parte dun conxunto ou serie de 4 vitrinas (*Expositor I, II, III, IV*) onde Gamarra pintou sobre a superficie das mesmas diferentes obxectos precolombinos, organizados en retículas, perfectamente separados, e diferenciados por materiais, tipos de representación, temáticas ou estado de conservación. Estas vitrinas que conteñen obxectos da colección do Museo de las Américas (Madrid), como parte do seu acervo de obxectos de cerámica e metal extraídos das culturas andinas precolombinas. Os obxectos aparecen sobre a imaxe reflectida dos visitantes do museo que os contemplan.

Estes obxectos pois, aparecen como recortes, illados da súa función e contexto. Estas pinturas teñen como base unha pintura espellada, de tal maneira que desaparecen ao reflectirse no fondo da vitrina, que é tamén de espello. O interior da vitrina está baleiro e só aparece, materialízase algo, cando nos paramos fronte a ela. Nós, ao estar dentro da vitrina, somos os que activamos este sistema de ordenamento, que nos encerra e refrixera en formas concretas de ver e entender outras civilizacións.

Os obxectos, que terían que estar dentro da vitrina, son parte da mesma, non hai diferenza entre o contedor e o obxecto que se quere conter, porque o dispositivo de exhibición narra a historia desde o seu lugar na xerarquía de progreso. O contedor parecera ser neutral e transparente, pero ten como fin último a súa omnipresencia.

A artista fai uso do *trompe-l'œil* ou trampantojo barroco —como sistema de representación que se impuxo nas colonias—, agora para captar aos espectadores. Ao contemplar estes obxectos estaremos tamén véndonos a nós mesmos dentro destas urnas. Estas miradas espelladas afirman a orde moderna/colonial, resultando unha especie de efecto de cazador/cazado ou de expositor/exposto, forzando a unha estraña relación disociada entre o contemporáneo, o espiritual e o ancestral.

Neste escenario os obxectos representados son pantasma, sombras do que son ou poderían ser. Estas obras formaron parte da exposición itinerante *SANDRA GAMARRA HESHIKI. BUEN GOBIERNO*, cuxo proxecto partiu da Sala Alcalá 31 (Madrid). Esta peza forma tamdem coas obras adquiridas de *Criptomnesia IV (o en algunos museos nunca sale el sol)* e *Criptomnesia V (o en algunos museos nunca sale el sol) (2020)*, que foron tamén mostradas na devandita exposición no CGAC.

JESÚS MANDRIÑÁN



SEN TÍTULO (FRANCISCO DE AMOR). SERIE I AM LIGHT, 2019


FOTOGRAFÍA ANALÓXICA DE GRANDE FORMATO

EDICIÓN 1/5155 X 123 X 4 CM

COL2022-0032

OFERTA DE DOAZÓN: 4.400,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA



SEN TÍTULO (LAURA). SERIE I AM LIGHT, 2019

FOTOGRAFÍA ANALÓXICA DE GRANDE FORMATO

EDICIÓN 1/5

155 X 123 X 4 CM

COL2022-0033

OFERTA DE DOAZÓN: 4.400,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA



SEN TÍTULO (PARELLA EN PALAS). SERIE I AM LIGHT, 2019

FOTOGRAFÍA ANALÓXICA DE GRANDE FORMATO

EDICIÓN 1/5

155 X 192 X 4 CM

COL2022-0034

OFERTA DE DOAZÓN: 5.500,00 €

OFERTANTE: O ARTISTA

Jesús Madriñán (Santiago de Compostela, 1984). As obras *Sen título (Francisco de amor)*, *Sen título (Laura)* e *Sen Título (Parella en Palas)* forman parte da serie fotográfica *I am light* (2019), un proxecto formulado como unha renovación e actualización da mirada sobre a realidade do Camiño de Santiago e os seus peregrinos.

A serie *I am light* é un proxecto que xorde da súa propia experiencia como peregrino, capturando identidades a medida que estas van formando parte dos meus días camiñando. A través delas pretende rexistrar a diversidade presente no mundo contemporáneo e, por extensión, no *Camiño*, testemuña de novas xeracións florecentes e renovadoras que, a pesar de todo, deciden emprender esta secular viaxe desde o respecto, a espiritualidade, e a tolerancia. *I am light* é unha colección de retratos e obxectos atopados, obxectos testemuño dos propios

peregrinos que, conforme camiñan, van deixando ao seu paso súplicas, pensamentos e tributos en forma de debuxos ou versos escritos en pedras, cunchas ou papel.

En palabras de Madriñán:

“En canto aos obxectos, empezaron a interesarme no proxecto do Camiño. Primeiro porque comecei a atopalos dunha forma natural practicamente por todas as partes. Explicáronme que os peregrinos adoitan levar pedras para expiaren as culpas. É coma unha carga que levas ao longo do Camiño e cando chegas a un punto concreto, que pode ser unha cruz, un cruceiro, ou o final do traxecto, abandónala para poder recibir o perdón. O peso da pedra ha de ser igual ao peso da carga ou do pecado polo que desexas ser perdoado. Pareceume moi significativo como todos eses peregrinos escribían nesas pedras pregarías, desexos, agradecementos, e entendín que non era máis que o testemuño de todas esas persoas que estaba retratando. Pareceume moi apetecible poder ofrecer esas pequenas píldoras de información do que estes peregrinos verdadeiramente senten, de cales son os seus anhelos e os seus medos... O retrato pódeche transmitir moitas cousas relacionadas coa identidade, co anímico ou co espiritual, pero esas pequenas palabras, escritas en cartas ou en pedras, ofrécenche unha conexión directa co que as persoas levan dentro”.

Estas obra formaron parte do proxecto expositivo *Jesús Madriñán. I am light* presentado no CGAC o 22 de novembro de 2019. Da mesma serie foron tamén obxecto de adquisición por doazón e compra as obras *Debuxos, súplicas e tributos (Virxe)* e *Debuxos, súplicas e tributos (Fear of Love)*, *Sen título (Bars)* e *Sen título (Estalotes)*, todas elas da Serie *I am light* (2019) e que xa forman parte de colección CGAC desde 2021.

INFORME DA PRESENZA DO CGAC NAS REDES SOCIAIS

O obxecto deste informe é dar conta da evolución das redes sociais desde xaneiro do 2022 ata o 10 de decembro de 2022.

Case 2M de persoas no total foron alcanzadas polas publicacións do CGAC coas respectivas redes sociais utilizadas. Os contidos xerados foron visualizados 2.540.000 veces. A comunidade continúa en ascenso e xa supera as 35.500 persoas seguidoras en todas as plataformas activas do CGAC, número que supera favorablemente o acadado nestas datas no pasado ano e que continúa a medrar día a día. O volume de interaccións tamén se incrementou de forma considerable, especialmente en Instagram e en Twitter.

FACEBOOK

O número de persoas seguidoras da páxina do CGAC en Facebook pasou dos 18.272 de xaneiro ás 21.727 de principio de decembro, o que supón un aumento de 3.475 novos seguidores e que representa unha subida dun 18,9 %. Pola súa banda, o alcance total das publicacións desta red social é de 336.449 persoas, o que supón unha media dunhas 975 persoas diarias. Este alcance supuxo 1.050.776 visualizacións. Entre as persoas alcanzadas, as mulleres representaron o 62,9 % do total, sendo aquelas situadas entre os 35 e os 54 anos as máis activas.

INSTAGRAM

En Instagram pasouse dos 6.913 seguidores de xaneiro aos 8.408 de principios de decembro, o que supón un incremento de 1.495 novos seguidores, e que representa unha subida dun 21,6 %. O alcance foi de 182.393 persoas, que supuxo un total de 892.938 visualizacións e experimentou unha subida dun 5,7 %.

Respecto do perfil da audiencia en Instagram, as mulleres son maioría e representan o 43 %, seguidas

do 31 % de contas sen xénero (marcas) e un 26 % de homes. No caso das idades, o rango máis relevante vai dos 25 aos 44 anos.

TWITTER

Durante este ano logrouse aumentar o alcance das publicación e tamén se incrementou o número de seguidores. Isto débese a unha continuidade e periodicidade no número de chíos diario. A información que se ofrece abrangue todos os camiños do CGAC e realízase dunha forma directa para potenciar ao máximo esta rede social. Cómpre destacar en canto a relevancia entre a información ofrecida o alcance das fotografías do Arquivo de Raniero Fernández, que bateron records de interacción.

O número de seguidores aumentou en 934, pasando de 4.342 aos 5.276 actuais, o que representa unha suba do 21,5 %.

En canto ao alcance, chegou ás 967.283 persoas, que supuxeron 20.365 interaccións.

YOUTUBE

A comunidade segue aumentando, cun 21,2 % máis que hai un ano. Logramos manter as visualizacións aumentadas xa no anterior ano e tamén as horas visualizadas (en máis dun 23 %), así como a duración media de cada reprodución nun 21 %.

Durante o ano 2022 conseguíuse aumentar en 55 os subscritores da canle do CGAC. Isto está relacionado tamén coas impresións do contido, que chegaron a rondar as 24.500.

Como vídeo máis atrente sitúase o referido á exposición do Arquivo de Raniero Fernández.

Durante o 2022 as visualizacións do contido da canle de Youtube sitúanse en 4.859, superando por pouco as do ano anterior.

WEB


Polo que se refire á páxina web do CGAC: www.cgac.xunta.gal, se tomamos como referencia os meses comprendidos entre xaneiro e decembro de 2022, o total de sesións na páxina foi de 37.304 e o número de usuarios de 25.190. O tráfico da páxina web procede na súa maioría de Facebook, cun 72,4 % de media, seguido en segundo lugar de Twitter, co que dividiu a súa condición de principal canle para chegar á páxina web. No mesmo intervalo de tempo, o ano anterior, Facebook na maioría dos meses era o encargado de acaparar a audiencia da web, sitúándose nalgún deses meses no 90 %. Este ano, en agosto, o tráfico proviña nun 41 % de Twitter.

Respecto aos usuarios que visitaron a web do CGAC, estes na súa maioría proceden de España (65 %), aínda que tamén chegan ata nós usuarios dos Estados Unidos (12 %), que se sitúa en segunda lugar no tráfico web, China (8 %), Portugal (7 %) e Reino Unido (5 %).

O 64 % dos usuarios usan o móbil para achegarse á nosa web. E os que acceden a través das súas computadoras representan o 36 %.

INFORME SOBRE O NÚMERO DE VISITANTES E USUARIOS NO 2022

XANEIRO	3.124
FEBREIRO	2.934
MARZO	4.156
ABRIL	4.965
MAIO	4.695
XUÑO	5.230
XULLO	3.903
AGOSTO	4.570
SETEMBRO	3.994
OUTUBRO	4.082
NOVEMBRO	4.053
DECEMBRO	3.168
TOTAL	48.874



ORZAMENTOS

Sección 40
Programa 432B
Código de proxecto 2015 00414

ORZAMENTO 2022

	DESCRIPCIÓN	CRÉDITO VIXENTE
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSOAL	1.141.129,40
CAPÍTULO II	GASTOS CORRENTES	477.965,00
CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS	362.414,00
	FUNCIONAMENTO DO CGAC	838.048,00
CAPÍTULO VII	PREMIO CGAC	3.000,00
	TOTAIS	2.822.556,40

Sección 04
Programa 432B
Código de proxecto 2015 00414

PROXECTO ORZAMENTO 2023

	DESCRIPCIÓN	CRÉDITO VIXENTE
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSOAL	1.141.129,40
CAPÍTULO II	GASTOS CORRENTES	504.306,00
CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS*	462.414,00
	FUNCIONAMENTO DO CGAC	838.048,00
CAPÍTULO VII	PREMIO CGAC	3.000,00
	TOTAIS	2.948.897,40

*Hai un incremento de cen mil euros no capítulo de investimentos destinado a redacción do proxecto para o nova instalación de climatización do CGAC.

CGAC CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA

